



Unha aproximación ao proceso da transmisión
interxeracional do galego desde a variábel xénero: prexuízos,
ideoloxía e ruptura

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Traballo de Fin de Grao / Ano 2023

Autora: Antia Freire Seoane

Dirección: Alexandre Peres Vigo



A lingua ten a súa historia,
só nos compete a acción presente
e futura para adaptala á
mentalidade e á política actual. No
principio foi o Verbo, masculino,
patriarcal, dogmático, agora o
Verbo debe adaptarse á medida
das humanas nun sistema
igualitario e democrático.

María Xosé Queizán

Índice

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. OBXECTIVOS	2
1.2. METODOLOXÍA.....	3
2. MARCO TEÓRICO XERAL	4
2.1. LINGUA GALEGA E XÉNERO	4
2.1.1. A efectividade da transmisión de preconceptos lingüísticos e de estereotipos de xénero	10
2.2. A POLÍTICA LINGÜÍSTICA FAMILIAR	19
2.2.1. A ideoloxía lingüística e a perspectiva de xénero na transmisión do galego	20
2.2.2. A xestión, a práctica lingüística e a perspectiva de xénero na transmisión do galego	23
3. MARCO PRÁCTICO CONCRETO: MOSTRA E RESULTADOS.....	25
3.1. A MOSTRA E O CUESTIONARIO	25
3.1.1. A mostra	26
3.1.2. O cuestionario	29
3.2. A XESTIÓN E PRÁCTICA LINGÜÍSTICA DAS E DOS INFORMANTES	30
3.2.1. A lingua inicial segundo a lingua falada polas e polos proxenitoras/es.....	33
3.2.2. As prácticas lingüísticas das e dos informantes	35
3.2.3. A percepción das e dos informantes canto ás novas xeracións	36

3.3. UNHA ANÁLISE CUALITATIVA: A RELACIÓN ENTRE O XÉNERO E A RUPTURA DA TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL SEGUNDO OS E AS INFORMANTES	39
4. CONCLUSIÓNS	42
5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	45
6. ANEXOS.....	53
ANEXO I: INQUÉRITO DISTRIBUÍDO A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS DIXITAIS	53
ANEXO II: RESPOSTA DOS INQUÉRITOS	57

Resumo

O obxectivo principal deste traballo é analizar a situación sociolingüística da Galiza poñendo o foco de interese na variábel xénero para aproximarnos ás estratexias das políticas lingüísticas familiares das galegas e dos galegos e dar así explicación á ruptura do proceso de transmisión interxeracional do galego. A metodoloxía empregada foi a análise de tipo cuantitativo, xa que se realizaron 323 inquéritos por parte da mocidade galega a través das redes sociais dixitais.

O traballo está dividido en dúas seccións ben diferenciadas. A primeira, permítenos achegarnos á historia do galego e do xénero feminino e denunciar a subordinación paralela que desde hai séculos están sometidas. A segunda, propónse a análise dos resultados das informantes e dos informantes que xiran arredor dos seus usos e actitudes lingüísticas, e que nos permiten analizar aqueles prexuízos lingüísticos e os estereotipos de xénero, mais tamén as ideoloxías reinantes entre a mocidade galega.

Unha vez realizada a análise, constátase que a variábel xénero é un factor relevante na ruptura da transmisión interxeracional do galego e que o país precisa de políticas lingüísticas e de igualdade á altura da nosa lingua e do noso pobo.

Palabras chave: transmisión interxeracional do galego, variábel xénero, prexuízos lingüísticos, estereotipos de xénero, ideoloxía, ruptura, mocidade galega.

1. Introducción

Nas últimas décadas son moitos os estudos e investigacións no campo da sociolingüística na Galiza que lle concederon o centro de atención a variábeis que presentaban relacións máis significativas canto ao lugar de nacemento ou residencia, ao nivel educativo, á idade, á ocupación, ao nivel económico etc. Porén, é de xustiza abrir camiño cara novos focos de interese como é a repercusión da variábel xénero e como esta ten a súa relevancia na ruptura da transmisión da nosa lingua. A nosa é unha investigación de carácter cuantitativo que ten como foco de estudo un sector da poboación concreto: a mocidade galega. Pois as actitudes e usos que a mocidade fai da lingua e marcan a dirección vital do galego son, tamén, o resultado das políticas lingüísticas familiares. O resultado divídese en tres vertentes: o abandono, o mantemento ou a recuperación da lingua galega.

Este Traballo Fin de Grado está dividido en dúas grandes seccións, unha teórica e a outra práctica, de modo que na primeira son expostos aqueles contidos que teñen a ver coas similitudes entre a discriminación e a supeditación que sofren a lingua galega e o xénero feminino, que nos permitirá argumentar as estratexias das políticas lingüísticas familiares das galegas e dos galegos e atender así ás ideoloxías, xestión e prácticas lingüísticas na transmisión da lingua. Así pois, rematarase este apartado cunha análise da identidade das e dos proxenitores e como esta repercute na transmisión interxeracional da lingua galega. Unha vez finalizada esta exposición nomeadamente teórica, teremos os recursos e os coñecementos necesarios para abordar o apartado práctico e analizar as respostas das e dos informantes ao

inquérito proposto no mes de xuño a través das redes sociais dixitais. Deste modo, a análise que se ofrece nesta segunda parte do traballo ten como base a primeira; así, os conceptos traballados previamente poderán dotar dunha explicación razoada os resultados acadados.

Queremos deixar constancia tamén de que, após a procura de bibliografía relativa ao noso obxecto de análise, constatamos que existe unha escaseza de recursos específicos sobre a variábel xénero nos estudos demo-sociolingüísticos na Galiza e que, por tanto, debemos traballar sobre a súa implementación.

1.1. Obxectivos

Este traballo nace por un interese persoal como estudante de filoloxía no ámbito da sociolingüística, pola preocupación da ruptura da transmisión interxeracional e, por conseguinte, polo futuro do galego. Mais tamén nace pola necesidade de visibilizar a subordinación paralela da lingua galega e da situación feminina, xa que ambos casos precisan de forma urxente de políticas lingüísticas e de políticas de xénero complementarias que loiten contra o sistema hexemónico patriarcal. A sociolingüística leva décadas preocupada pola situación do galego en múltiples ámbitos da nosa sociedade, porén, a variábel xénero aínda ten poucas adeptas.

A finalidade deste traballo é, xa que logo, desenvolver un estudo arredor da realidade sociolingüística da mocidade galega desde unha perspectiva de xénero a través dunha análise nomeadamente cuantitativa. O traballo pretende dar resposta a preguntas do tipo: quen cres que fala máis galego?; fálaselle máis español ás nenas ou aos nenos?; fálaselle máis galego ás nenas ou aos nenos?; coñeces a alguén que cambie de lingua cando empeza a falar con

alguén?; ou cres que seguen a perpetuar prexuizos e/ou estereotipos arredor da lingua galega?
Expón algún.

1.2. Metodoloxía

A metodoloxía empregada para a realización deste traballo foi, principalmente, o método cuantitativo e a revisión de fontes bibliográficas. Para iso, puxemos á disposición nas redes sociais persoais un enderezo que redirixía ao inquérito de tipo cuantitativo, xa que tiñamos como obxectivo recompilar os datos e tamén información concreta para despois analizar os resultados e poder ofrecer así unhas conclusións fundamentadas. A estrutura do inquérito era fixa e a súa realización era anónima e de forma virtual, pois como é sabido segue a haber certo rexeitamento á hora de falar abertamente sobre certos temas e máis se estes levan o acompañamento de “perspectiva de xénero”. Por esta razón, e para a prosperidade do estudo, decidiuse que se realizaría virtualmente. Non obstante, non se descarta que nun futuro se manteña esta liña investigadora e que sexa necesario ampliar os datos e realizar unha análise cualitativa con grupos de discusión.

O inquérito estaba dirixido á mocidade, mais se tiña a ben contar coas apreciacións doutros sectores poboacionais, polo que ao seu inicio debíase indicar o rango de idade (de 12-18; de 18-24; de 24-30; de 30-36; de 36-42; máis de 42). Para a realización do mesmo tomouse como modelo o MSG-92 (Seminario de Sociolingüística, 1996) e tamén o Cuestionario sociodemográfico, sociolingüístico e educativo do Seminario de Sociolingüística de 2020. En total son 323 informantes que entre os días 9 e 11 de xuño responderon ás preguntas formuladas.

2. Marco teórico xeral

2.1. Lingua galega e xénero

A lingua é un sistema de signos lingüísticos que favorece a comunicación nunha comunidade lingüística; é, por tanto, unha realidade social que reproduce os valores socioculturais dun grupo (Queizán, 1975: 55). No caso do concepto *xénero*, e de acordo coa teoría feminista, este tamén é unha construción cultural (Varela, 2019: 183). Por tanto, poderíamos establecer semellanzas entre ambas realidades e abordar así a interconexión entre a situación da lingua galega e a situación do xénero feminino, xa que no seu percorrido histórico teñen como lastre a dominación e a discriminación. Nesta última década, no auxe das teorías feministas, son moitas as estudosas que coinciden en interrelacionar a situación lingüística da Galiza coa situación do xénero feminino no mundo (Queizán, 1975; Sanmartín Rei, 2002; García Negro, 2010; Moure, 2010). De certo, este paralelismo é un bo comezo para o estudo, xa que nos permite exemplificar o caso da lingua galega desde unha perspectiva xa recoñecida pola sociedade como é a subordinación feminina.

Xa en *Sempre en Galiza* –ensaio maxistral e necesario da nosa lingua–, Castelao se aproxima cunha rigorosidade encomiábel ao panorama sociolingüístico do noso país ao pór o foco no problema identitario da lingua, aínda imperante na actualidade. Mais o certo é que, ao igual que Castelao, “estamos fartos[/as] de saber que o pobo galego fala un idioma de seu” (1944: 131) e que este é totalmente útil para nos comunicar co resto do mundo. Para alén de que é parte indisolúbel da nosa identidade e, por tanto, é o único apto para nos representar e só a través del ten sentido expresármolos (1944: 54). Con certeza, a lingua é o símbolo de identificación colectiva que mostra, de forma máis profunda, a maneira de ser e de pensar

dun pobo, pois nela atópanse as pegadas dos milleiros de persoas que contribuíron a tecer a súa historia até chegar a se converter na propia alma do mesmo (Freixeiro Mato, 2020: 17). No caso do noso símbolo máis propio –o galego– é ben coñecido que foi perseguido, ridiculizado, atacado e un longo etc. desde hai ben séculos.

O galego, que toma forma no século IX d.C. da evolución do latín vulgar falado no noroeste peninsular, comeza a súa andanza como lingua oral até o século XIII, cando adquire a categoría de lingua escrita. Desde entón o galego gozou das funcións e do recoñecemento propios dunha lingua normalizada e mesmo se converte en lingua de prestixio internacional, destacando sobre o resto das linguas peninsulares debido á brillante literatura trobadoresca en galego-portugués. Porén, foi un prestixio temporal, xa que a partir da segunda metade do século XIV a lírica galego-portuguesa entra nunha fase de decadencia e, en consecuencia, da decadencia política, da económica e da cultural que trouxo consigo unha supeditación política a Castela e a consolidación de Portugal como reino independente. Así, Galiza sufrirá un proceso de substitución nobiliaria após do ascenso ao trono de Isabel a Católica, con graves e directas consecuencias na lingua, e a introdución do castelán é imposto definitivamente no século XV. Novamente o galego volve sufrir as consecuencias histórico-políticas da contorna e pasa a ser lingua identificatoria dos subordinados, mentres que o castelán a dos poderosos. Así é que, reafirmámonos no exposto por Queizán en que a lingua é empregada como instrumento dominador e ten, de certo, as súas bases naquelas sociedades que teñen como estruturas de poder as xerárquicas que practican o poder duns sobre os outros (1975: 59); por tanto, nas que se asenta o patriarcado.

En termos lingüísticos, a principios do século XVI, inaugúrase unha clara situación de diglosia a través dun lento e traumático proceso de substitución lingüística e cunha forte e programada opresión cuxo resultado é o profundo complexo de inferioridade palpábel aínda hoxe na sociedade galega. Xa que logo, non se observa ningún trazo de convivencia pacífica entre ambas linguas, senón que se aprecia unha clara intención colonizadora por parte da clase dominante foránea; neste contexto, o galego queda relegado ao seu uso no ámbito familiar até chegar a ser identificado como unha corrupción do castelán e obxecto continuo de burlas e escarnios (Freixeiro Mato, 1999). Consideramos, por tanto, que é evidente a negación á que estaba –e está– sometido o noso símbolo e é neste contexto setecentista no que xorden múltiples tentativas de dignificación e defensa da nosa lingua por parte das e dos intelectuais galegas e galegos. Un século máis tarde, da man de plumas como a de Rosalía de Castro, a de Eduardo Pondal, a de Curros Enríquez e a de Lamas Carvajal iníciase o movemento de recuperación da lingua, da literatura e da cultura galegas coñecido como o Rexurdimento, antesala do movemento nacionalista. Pois sabido é que sen reivindicación non hai conquista. Non obstante, augúranse anos complexos canto ao noso símbolo se refire, pois toda exaltación identitaria acabaría sendo interrompida polo réxime franquista (1936-1975), que impedirá calquera oficialidade e presenza institucional do galego no propio país. O que abriu as portas a un duro proceso de perda de falantes durante o pasado século que comezou nas elites sociais e nos poderes políticos e foron achegándose co paso dos anos ás camadas intermedias das cidades e, posteriormente, das áreas periurbanas (Monteagudo, 2021). Por iso, é evidente que a nosa situación lingüística actual é o resultado histórico dunha comunidade socialmente desprestixiada, politicamente silenciada e historicamente negada desde hai ben séculos atrás.

Agora ben, se substituísemos o termo “galego” por “muller” seríamos quen de trazar unha historia semellante de desprestixio, de silenciamento e de negación? Na metade do século XX, Simone de Beauvoir denunciou isto mesmo na súa obra *Le deuxième sexe* (1949) —obra fundacional do feminismo—: a situación de opresión que viven as mulleres e que abrangue cada unha das etapas da vida. Se ben é de supoñer que son moitas as reflexións que dela se poden extraer ao respecto, neste caso quedaremos coa acertada precisión coa que expón que as mulleres teñen como herdanza un «cargoso pasado» (1949: 9) e que, de certo, se podería extrapolar —sen ningunha dúbida— ao galego. Xa na súa obra *A muller en Galicia* (1975), Queizán propuxo diferentes reflexións ao respecto desta comparativa histórica. Malia que a priori pode resultar estraño a posibilidade de compararmos ambos procesos, o propio Saussure establecía esta interrelación ao expor que a funcionalidade das linguas é reproducir o acervo cultural das sociedades, polo que, certamente, hai unha “equivalencia entre a valoración social lingüística e feminina” (Queizán, 1975: 55). Esta valoración social, lingüística e feminina á que aludimos é a base das teses de García Negro onde a denuncia da situación das mulleres e da lingua galega como dúas subordinacións en paralelo conflúen (2010: 79).

Se agora nos trasladamos aos procesos represivos de dominación e de discriminación feminina datalo vira moito máis complexo; de feito, Carme Adán considera que reflexionarmos sobre a orixe da violencia contra as mulleres acaba por dirixirnos cara unha atemporalidade e universalidade, xa que “é multifactorial e claramente interseccional” (2018: 13). Na mitoloxía clásica, a Filomena élle mutilada a súa lingua por parte do seu violador para que non denunciase publicamente o ocorrido; a Penélope élle imposta unha espera (mal)intulada como “acción romántica” mentres tece e destece. Na época medieval, hai dous

tratamentos posibles para as mulleres, as de clase alta como moedas de cambio nos pactos económicos entre varóns e as de clase baixa como máquinas reprodutoras ao servizo da sociedade. Mais non fica aí, xa que a finais desta época, toda muller que mostre vontade de cultivar a súa mente é queimada na fogueira ao grito de “bruxa”. No Concilio de Trento (1563), partindo do ideal aristotélico da subordinación feminina, promulgábase a reclusión feminina: ben no fogar, ben no convento. Pois ao ser entendidas como o contrario ao home, as mulleres debían ser controladas, tanto física (a través dos espazos) como intelectualmente (a través da educación regulada). En suma, tíñanse pretensións moi claras para as mulleres: o fogar, o marido e a familia. Outro dato revelador, que reafirma a subordinación feminina, é que o aparato reprodutor (e de pracer) feminino non terá nome até o século XVII (Carne Adán, 2018: 18). Coa Revolución francesa e o alento libertario, igualitario e fraternal chegaba a primeira Declaración dos Dereitos Humanos, en que a muller, ao ser considerada como “ciudadano pasivo” (Varela, 2019: 34), non estaba incluída; nesta mesma liña, no Código de Napoleón, que foi imitado despois por toda Europa, tampouco tiñan cabida. Porén, neste eido é preciso detérmonos na figura de Olimpia de Gournay e a súa réplica feminista á declaración de dereitos que abandeirou a Revolución francesa, que intitulou “Declaración de los Derechos de la Mujer y de la Ciudadana”, e pola que acabou na guillotina; tamén na figura de Mary Wollstonecraft e a súa obra *Vindicación de los derechos de la mujer*. Pois é a primeira vez que se emprega o termo “privilexio” para definir o sometemento feminino sob o masculino (Varela, 2019: 40). Iniciábase logo o habilitamento do camiño.

Co foco nesta herdanza, milleiros de mulleres fartas da discriminación imperante nas sociedades e cun claro sentimento de grupo, son quen de organizarse desde diferentes puntos da xeografía mundial para sumar unha soa voz. O sufraxismo como primeiro movemento

político de mulleres xurdiu á par do *Manifesto Comunista* en 1848, aínda que estaban amparadas de séculos de loita silenciada. Filomena, aínda coa lingua mutilada, denunciou ao seu violador, Penélope destece, miles de mulleres foron queimadas vivas, outras moitas viron silenciadas os seus actos e tamén houbo quen pagou coa súa vida. De todas estas mulleres históricas, xurdiron as forzas para conquistar no século XIX e XX os recoñecidos como “dereitos básicos”, é dicir, o dereito ao voto, o dereito á educación, o dereito á propiedade, o dereito ao matrimonio etc. que desde sempre se lles foron negados. Non obstante, esta conquista veranse interrompida polo panorama bélico que asola parte do mundo no século XX. Canto ao Estado español se refire, as mulleres viron negados os seus dereitos básicos durante o longo período que durou a ditadura fascista de Francisco Franco (1936-1975). En suma, a situación das mulleres situábase nun retroceso total, e o ideal de inferioridade e de supeditación ao home collía máis forza até chegar a incrustarse no imaxinario social e político de todo o estado. A muller, ao igual que o galego, só no ámbito doméstico. De certo, somos herdeiras dun *cargoso pasado* imposto.

Xa que logo, son innegábeis os desequilibrios que afectan á lingua galega e ao xénero feminino por un igual. Rafael Lluís Ninyoles fai referencia a estes desequilibrios en *Idioma i prejudici*, pois é unha obviedade que a posición da muller está “esaxeradamente diferenciada da do home” e que na nosa linguaxe definiríamos como “unha posición diglósica” (2005: 82). Esta diferenciación é palpábel na sociedade, pois é a base empregada polo sistema patriarcal para a súa organización. Así, “o poderoso, o home ou o castelán, exercen un dominio político, social, cultural, biolóxico etc. sobor do inferior” (Queizán, 1975: 87), é dicir, sobre o seu antagonista: o dominado, a muller ou a lingua galega. Nesta mesma liña, Freixeiro Mato que define a nosa situación sociolingüística actual como unha

“auténtica catástrofe” (2010: 20), céntrase en que o contacto entre as dúas linguas está a provocar a *substitución* do galego e, por tanto, a *asimilación* do español. Xustamente é aquí onde poderíamos establecer a comparación coa situación da muller, pois, de acordo con Queizán, ambos son unha problemática de índole político-social que transcende ao individuo e que ten a súa evidencia histórica (1975: 58). No caso da lingua galega, empregamos o termo diglosia para referirnos a esta superposición dun idioma sobre o outro na orde xerárquica das linguas. No caso das mulleres, falamos de patriarcado, xa que se lle atribúe na orde social unha específica inferiorización; así é que nos “topamos [a] un home que ordena e a unha muller sumisa xunto a unha lingua de poder vencellada a un status elevado que subordina a outra, á lingua para andar por casa” (Queizán, 1975: 58).

2.1.1. A efectividade da transmisión de preconceptos lingüísticos e de estereotipos de xénero

Neste subapartado partimos de que a problemática político-social sobre a lingua galega e sobre o xénero ten a súa fundamentación na historia dun *cargoso pasado* cheo de procesos represivos de dominación e de discriminación. Ademais de que esta perpetúa ao longo dos séculos por medio da transmisión por parte do poder dominante de preconceptos lingüísticos e de estereotipos de xénero que conforman o panorama actual de sumisión do grupo dominado, é dicir, da lingua galega e do xénero feminino.

Para alén diso, ao longo da historia foron moitas as estratexias levadas a cabo polos grupos dominantes para consolidar o seu poder sob o resto (véxase aptdo [2.1. Lingua galega e xénero](#)); mais neste caso centraremos o noso estudo nos preconceptos lingüísticos e nos

estereotipos de xénero, por consideralos a base dos motivos que desencadean na ruptura da transmisión interxeracional da lingua galega. En primeiro lugar cómpre sinalar que os preconceptos son a parte fundacional dos discursos dominantes, son o construto cognitivo que opera no mantemento da súa posición superior e estes son empregados para xustificar a súa superioridade perante o grupo dominado. En suma, os preconceptos son produto da intolerancia (Bagno, 2003: 12) así como da tentativa de perpetuar os mecanismos de exclusión social. Por tanto, nacen das actitudes das persoas no proceso de interacción social e estes convértense, á súa vez, en herdanza cultural a través da transmisión. De acordo con Henrique Costas, os preconceptos —ao igual que os estereotipos— son reforzados polo peso da tradición e son agudizados cando se perciben tentativas de mudanza social (2009: 9). É dicir, son actitudes discriminatorias e intolerantes extrapolábeis ás dúas cuestións que son obxecto do noso estudo: a lingua e o xénero.

Canto á primeira, aquelas actitudes discriminatorias que versan sobre a lingua son denominadas “preconceptos lingüísticos” e son definidas como claras manifestacións de racismo cuxa xénese responde, quer pola ignorancia, quer pola malevolencia cara unha lingua e os seus falantes (Tuson, 1990: 30). En suma, son calquera actitude cara as linguas —ou variedades— que fai xerarquía entre as mesmas e que desta clasificación xurdan diferenzas que poidan xustificar a superioridade dunhas fronte a outras (Moreno Cabrera, 2006: 16). Non obstante, tal e como indica Freixeiro Mato, os preconceptos lingüísticos “son case tan vellos como as propias linguas” (2009: 119). Xa na antigüidade se ten constancia de discursos onde imperan este tipo de minusvaloracións e que percorren tanto a Idade Media, a contemporánea como a actualidade (2009: 119). Atendendo ao xa proposto no apartado

anterior, no caso galego, este tipo de preconceptos fóronse conformando ao longo dos séculos debido á imposición dunha lingua allea: o castelán. De aí que a sociedade galega estea a experimentar nas xeracións máis novas unha avanzada substitución lingüística que ten como resultado a asimilación cultural (Freixeiro Mato, 2009: 123). Cuestionar o discurso establecido que se foi tecendo arredor do noso idioma, así como ir ás causas mesmas das que xurde, tórnase na mellor estratexia para acabar con eles (Freixeiro Mato, 2009: 124). Por iso, aludimos á clasificación proposta por Freixeiro Mato en seis grandes eixos temáticos:

1. preconceptos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego
2. preconceptos que asocian o galego coa pobreza e co atraso
3. o uso do galego como sinal de descortesía ou má educación
4. preconceptos relacionados coa pretendida imposición do galego
5. a caracterización pexorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes
6. o galego como marca ideolóxica ou profesional

Canto ao grupo 1, concordamos con Freixeiro Mato cando afirma que é un dos grupos máis daniños para o idioma, xa que cando algo non se percibe como útil tende a desaparecer. Mais, por que é que se lle atribúe esta característica ao galego? Son diferentes as formulacións que se nos presentan para dar resposta a esta cuestión. A primeira é a proxección cara ao exterior; se prestamos atención á historia da lingua, que durante a Idade Media o galego foi a única lingua falada no país e tamén foi a empregada na escrita (2009: 126). É máis, nesta etapa a Galiza tivo a súa maior proxección cara o exterior e a súa literatura un gran seguimento e imitación. Xa que logo, lévanos a afirmar que o galego é unha das linguas máis estendidas polo mundo; de facto, Castelao expuxo que “todo canto se veu

chamado ‘galaico-portugués’ é realmente e unicamente ‘galego’” (1961: 346 en Freixeiro Mato, 2009: 126). Nesta mesma liña de suposta inutilidade do galego, están aquelas persoas que defenden aquilo da “lingua universal”, denotando certo medo ante a tentativa de mudanza dos roles establecidos (dominante-dominado).

O grupo 2, aínda que xa vén de vello, segue a estar hoxe moi presente e é unha das máis condicionantes canto ás actitudes lingüísticas das e dos falantes. Asociar o galego co rural e, polo tanto, co atraso e coa pobreza, mentres que o castelán sería o progreso, non é sorpresa, pois son afirmacións que están asentadas no imaxinario colectivo. Historicamente se deu esta ecuación, desde hai séculos todo o que tiña a ver coa modernidade era propio da cidade e, por tanto, onde se falaba castelán; mentres que no rural estaba condenado ao retroceso e, ademais, era onde se falaba galego (García Negro, 1993: 62). Na mesma sintonía, teríamos a idea de que o galego non é válido para a escrita, como outro dos argumentos que darían forza ao preconceito inicial. Esta afirmación tamén ten como base a historia, pois durante un longo período coñecido como os séculos escuros deixou de ser a lingua escrita, para ser de novo foco de prohibición séculos máis tarde durante o franquismo. En ambos períodos o castelán foi a lingua imposta, pois era entendida como a lingua de progreso e, por tanto, de prestixio. Se o propósito era procurar unha mellora social, o galego debía ser abandonado ou, no seu defecto, relegado a un uso privado. Para alén de que é un dos preconceitos que impera no imaxinario colectivo e que se sitúa como un dos máis transmitidos de xeración en xeración e que daría unha posíbel explicación da ruptura xeracional do galego.

Nesta mesma liña, son palpábeis as características tan diferenciadoras atribuídas a unha e

a outra lingua, nelas o galego tivo as de perder e foille imposto un papel totalmente subordinado (Freixeiro Mato, 2009: 131). Por tanto, é entendíbel este grupo 3 de preconceptos, xa que, aceptando a inferioridade do idioma galego, é impensábel empregalo con alguén descoñecido e, máis aínda, se corres o risco de ser chamado maleducada/o. O feito de prexulgar a unha persoa como alguén maleducado por empregar a lóxica, isto é, falar na súa lingua propia para se comunicar é cada vez máis real. Ao fío deste preconcepto, atopamos o grupo 4, pois ao empregar a túa lingua propia como carta de benvida é tomado, por certas persoas, como unha imposición para o outro interlocutor que ha de responderche na súa lingua que pode ou non coincidir coa túa. Para alén disto, Freixeiro Mato conclúe con que este tipo de preconcepto é algo dos “últimos tempos” (2009: 133) e que ten a súa explicación no amparo legal que posúe. Do mesmo xeito, este preconcepto colle ás se nos adentramos no sistema educativo en que son varias as materias obrigatorias que deben ser impartidas en galego e que ten relación directa coa normalización do idioma. Así é que se chega a apreciar certo rexeitamento social xeralizado cara a paradoxal situación de que sexa o galego a lingua vehicular da educación na Galiza e ábrese o debate a que o castelán, agora si, é tamén lingua propia do país. De aí que moitas crianzas difiran a lingua herdada da lingua que lles é transmitida (Monteagudo *et al*, 2016: 174).

O grupo 5 ten novamente relación cos xa citados anteriormente, pois a caracterización pexorativa do galego ten tamén evidentes causas históricas que se ten como resultado a consideración das e dos galegofalantes de incompetentes (Freixeiro Mato, 2009: 136). Voltamos logo ao inicio deste apartado cando falabamos do desprestixio que supoñía para os falantes empregar o galego, pois novamente está aquí presente. Ademais de que ten a explicación dunha realidade preocupante como é a ruptura da transmisión interxeracional, xa

que ningún proxenitor quere algo desfavorábel para os seus descendentes. Por último, o grupo 6, en que tamén é, segundo Freixeiro Mato, de novo xurdimento (2009: 139): o galego como marca ideolóxica ou profesional. Na actualidade son moitas as persoas conscientes e comprometidas co idioma que loitan cada día pola súa depuración e, por tanto, supervivencia, mais véñse coaccionados polas etiquetas. Son marcados política e socialmente pola lingua que empregan. De acordo con Freixeiro Mato, deste preconceito subxace a idea de que só teñen responsabilidade sobre o galego aquelas persoas que se dedican á lingua e viven (2009: 140).

En suma, o auxe na nosa sociedade de discursos baseados neste tipo de xuízos de valor co obxectivo de estigmatizar e manter así as cotas de poder do grupo dominante, conforman o que xa detectou Francisco Rodríguez nos anos 70 e que Freixeiro Mato acordou en recoñecer como o conflito galego (2009: 63). A exemplificación máis evidente desta situación é cando as persoas galegofalantes fan deixación dos seus dereitos lingüísticos, xa que denotan unha asimilación dos preconceitos. Entón, chegamos á conclusión de que o conflito non radica en como é que fala unha persoa galegofalante, senón en que é que fala; é dicir, por empregar como código lingüístico unha lingua minorizada (Rodríguez Carnota, 2022: 45). Por tanto, o poder volve ser a pedra coa que nos atopamos. Norman Fairclough, lingüista británico, xa a finais do século XX estudou en profundidade as posíbeis relacións entre lingua e poder (1989), para concluír en que a través das prácticas discursivas exerce o poder. Con certeza, podería ser este un bo fío do que tirar á hora de falar do conflito galego, pois é evidente como esta relación repercute directamente na renuncia forzada da lingua

propia e, por conseguinte, nun paisaxe lingüístico complexo coa ruptura da transmisión interxeracional como resultado.

Canto ao segundo foco de interese, a discriminación por razóns de xénero é unha realidade dos nosos días, que ademais está evidenciada en todos os contextos e que ten a súa cara máis sanguenta nos actos de violencia contra as mulleres (Pozo Muñoz *et al*, 2008: 8). Estes actos de violencia poden producirse a través diferentes vías (física, sexual ou psicolóxica) mais todas teñen un fondo común: a aversión ás mulleres polo feito de seren mulleres. Aversión que, como é sabido, se constata desde a antigüidade, mais que hoxe segue a perdurar a través dos discursos espallados polo patriarcado na sociedade. No seu discurso son múltiples as estratexias e os argumentos empregados para perpetuar a idea de desigualdade entre homes e mulleres (Varela, 2019: 180). Unha das xustificacións máis daniñas é a dos estereotipos de xénero, pois son ideas e/ou expectativas negativas que desde o grupo dominante lle son atribuídas ás mulleres. Noutras palabras, son representacións simbólicas do que unha muller debe [incluír calquera infinitivo], mentres que un home pode [incluír calquera infinitivo], asentadas no noso imaxinario popular. O emprego destes dous verbos nas oracións anteriores non é por literatura, senón porque consideramos que reflicte á perfección a ideoloxía patriarcal: un está obrigado facer algo, por conseguinte, o outro ten a posibilidade de o facer ou non. Por tanto, o principal obxectivo da ideoloxía patriarcal –onde se inxiren os estereotipos de xénero como argumento– é a “supremacía masculina, arrastrando a la mujer a una negación en cuanto a humanidad, condición y dignidad” (Pozo Muñoz, 2021: 9) até conseguir o seu illamento (Varela, 2019: 199). Así é que os propósitos estabilizadores e conservadores deste modelo social son garantir a subalternidade das mulleres e da lingua galega (García Negro, 2010: 84).

É momento agora de preguntármonos se poderíamos chegar a trazar liñas de acercamento entre os preconceptos lingüísticos e os estereotipos de xénero. A mediados da década dos 60, William Labov levou a cabo o estudo da fala dun grupo de mulleres da cidade de Nova York, o cal lle fixo chegar a unha serie de conclusións sobre a dicotomía lingua e xénero, xa que as mulleres tiñan unha maior tendencia ao emprego de formalidades e dunha pronuncia estándar que os homes. Nesta mesma liña, Peter Trudgill (1972) estudou tamén as relacións entre lingua e xénero e, en concreto, o comportamento lingüístico das mulleres no barrio de Norwich (Reino Unido). Destas pesquisas puido corroborar o percibido por Labov (1966) e confirmar que non se trataba dun caso illado. En suma, que as mulleres fixeran mudanzas na lingua que falaban en función dos contextos sociais tendía á universalidade e, é máis, había unha tendencia clara e constante por parte das mulleres de clase media-baixa inglesas á corrección lingüística. Trudgill afirma que esta mudanza é causada pola *covert prestige* que envolve a lingua e o *status* social (1972: 194) masculino onde as mulleres queren encaixar. Con certeza, non nos é alleo, pois o prestixio e o status social español é cobizado por unha parte do pobo galego.

Así pois, as particularidades estudadas tanto por Labov como por Trudgill lévannos a concluír na etiquetada como “preferencia feminina” (Suárez Fernández, 2010: 20) do uso das formas normativas dunha lingua e tamén na tendencia á substitución da lingua propia pola lingua de prestixio cando son varias as linguas en contacto. Aventurámonos a afirmar que máis que preferencia –pois esta ten a ver cunha vontade propia do individuo–, deberíamos falar de imposición; imposición do entorno social en que as mulleres se ven obrigadas a adherirse ao grupo A, por pura supervivencia. Seguindo a Bourdieu (1985) isto lévanos a poñer o foco no prestixio. A idea de prestixio lingüístico enraizado na sociedade é

a explicación de porqué as mulleres se ven obrigadas a empregar unha lingua no canto de outra. Con certeza, esta mudanza vén motivada por unha “ansiedade particular da inseguridade” que, tal e como García Negro apunta, é por seren elas conscientes da subordinación engadida que suporía falaren nunha lingua minorizada (2010: 79).

A principios do século XX García Barros reflexionaba sobre esta tendencia feminina das galegofalantes a mudar ao español por creren que era “de bo tono o adoitalo” (en Sanmartín, 2002). Mais é destacábel a explícita valoración que segundo García Barros leva ás mulleres a esta tendencia, porque se “sinten domeñadas por íse parvo medo ó redículo” (en Sanmartín, 2002); noutras palabras, a vulnerabilidade experimentada polas mulleres chega a condionalas á hora de escoller a lingua para se comunicar. As mulleres galegofalantes experimentan o proceso de asimilación ao español de forma non casual (García Negro, 2010: 81), pois non queren dar máis motivos ao patriarcado para ser de novo discriminadas. Con certeza, esta lóxica é a que impera á hora de escoller unha lingua de transmisión ás crianzas; de aí que sexa maior a tendencia de transmitir ás mulleres a lingua dominante. De acordo con Bourdieu, as orixes destas particularidades sociolingüísticas están intimamente relacionadas co capital simbólico, por tanto, é de esperar que entre unha situación de contacto entre linguas haberá unha preferencia pola lingua dominante á hora de socialización das nenas (en González Veira e Seoane Bouzas, 2010: 64), debido ás adaptacións forzadas duns patróns sociais impostos (García Negro, 2010: 83).

2.2. A política lingüística familiar

A transmisión lingüística e a política lingüística manteñen unha relación indisolúbel, pois as decisións ou eleccións feitas das e dos falantes sobre a lingua son transmitidas e inciden na participación do individuo no mundo (Morales Barrera, 2019: 86). Nesta mesma liña, o contexto familiar coas súas decisións, crenzas e prácticas lingüísticas individuais teñen un papel fundamental no futuro da lingua galega; de aí que dediquemos este apartado á análise da política lingüística familiar desenvolvida no seo das familias galegas.

Como ten subliñado Reyna-Muniain (2018: 6), política lingüística familiar (PLF) ten a ver coas decisións lingüísticas tanto explícitas como implícitas que os membros adultos da familia —proxenitoras/es, avoas, avós etc.— toman e que inciden directamente no desenvolvemento psicolóxico e social das crianzas. Neste sentido, de acordo con Spolsky (2004), as políticas lingüísticas están compostas por tres dimensións que se interrelacionan como son as ideoloxías, as prácticas e a xestión lingüística e cuxa combinación é o resultado do mantemento ou do abandono da lingua propia. Canto ao concepto de “ideoloxía(s) lingüística(s)” son moitas as definicións propostas pola sociolingüística (Irvine, 1989; Schieffelin, 1994; Woolard, 1998; Kroskrity, 2000) desde finais do século XX até a actualidade. Con todo, todas elas coinciden en que a ideoloxía lingüística é un fenómeno que representa aquelas crenzas sobre as linguas e, por conseguinte, son as que determinan o comportamento de uso e tamén da súa transmisión. Nesta mesma liña, situamos as prácticas lingüísticas, pois son aqueles comportamentos lingüísticos dos individuos que se dan nun ámbito determinado, por exemplo, na interacción familiar (González González *et al.*, 2003: 14). No caso da xestión lingüística, esta ten a ver con aquelas estratexias que os membros do núcleo familiar tecen para que as crianzas adquiran e aprendan unha determinada lingua

(Iglesias Álvarez e Acuña Ferreira, 2022: 4). Como exemplo desta xestión poderíamos falar da elección da lingua ou linguas durante proceso de transmisión familiar.

No relativo á política lingüística das familias galegas, e sen esquecer a herdanza imposta, é evidente que está condicionada polo contexto histórico-social tanto do noso país (Rodríguez, 1998: 17) como da discriminación sistemática do xénero feminino. De acordo con Iglesias Álvarez, poderíase engadir que a decisión de transmisión dunha lingua tamén ten a ver co seu carácter público e, por tanto, esta pode ser avaliada polo resto da sociedade (2002: 32). De aí que non sexa coherente catalogar de arbitraria a elección de manter ou abandonar o galego no proceso de transmisión familiar, posto que é o conflito galego (Freixeiro Mato, 2009: 63) en que estamos inmersas/os quen marca os nosos pasos. Así é que os estudos sociolingüísticos das últimas décadas na Galiza coinciden en sinalar como nos atopamos ante un paradoxo; pois, o galego é a lingua empregada como habitual no ámbito familiar, é o español, finalmente, a lingua que acaba sendo escollida por gran parte de pais e nais galegofalantes para educar as súas crianzas (Gradín, 2007: 165). Unha situación que se agrava no caso das nenas (Rodríguez, 1998: 82) e que, en suma, pon de manifesto o papel que a variábel sexo xoga na PLF.

2.2.1. A ideoloxía lingüística e a perspectiva de xénero na transmisión do galego

Antes de mais, faremos fincapé no termo *ideoloxía*, obxecto de estudo e reflexión por parte unha ampla produción bibliográfica e suxeito, por tanto, á polémica (Iglesias Álvarez, 2002: 17). No sentido estrito a ideoloxía constitúe “conxunto de ideas que ten unha persoa ou un grupo, ou que caracterizan unha época” (RAG, 2019 s. v.). Por conseguinte,

distinguimos dous niveis de ideoloxía: o que está presente no uso individual dos membros que conforman a sociedade e o que forma parte do sistema social compartido (Iglesias Álvarez, 2002: 18). De acordo con Van Dijk, o poder da ideoloxía é tal que “inflúe nas prácticas sociais e nos discursos” (1999: 220) case dun xeito inconsciente e que, ademais, desempeña un papel fundamental na construción da sociedade. Así é que as ideoloxías teñen como característica inherente a de servir de guía na interpretación do mundo, mais tamén a de condicionar o comportamento social dos individuos (Iglesias Álvarez, 2002: 21). De aí que o estudo da PLF desde unha óptica galega e baixo unha perspectiva de xénero nos permita comprender a nosa realidade e, en suma, abrir novos camiños.

Canto á ideoloxía lingüística propiamente dita, coexisten desde finais dos anos setenta múltiples aproximacións á súa definición. Segundo Silverstein (1979), son calquera crenza sobre a lingua que xustifique o seu uso; para Irvine (1989) os intereses políticos e morais teñen un papel fundamental neste sistema cultural de ideas sociais e lingüísticas; Woolard (1998), por outra banda, propoñía que as ideoloxías lingüísticas poden ser tanto manifestacións implícitas como explícitas das ideas que se teñen sobre a lingua; así como Garrett (2010) defende que as ideoloxías individuais (Iglesias Álvarez, 2002) reflicten a súa posición social. Pola súa parte, Spolsky (2004) engade que as prácticas lingüísticas son a parte visíbel da ideoloxía lingüística e que estas teñen o poder de asignar o prestixio a unha lingua e, xa que logo, o desprestixio á outra. Tamén é de gran relevancia a definición de Zhou (2019), posto que introduce unha nova focaxe cara o status da lingua e como esta resulta determinante na nosa ideoloxía lingüística. En suma, estas definicións propostas pola sociolingüística teñen como eixo común o que Del Valle (2007) sinalou como as tres

características fundamentais da ideoloxía lingüística: a contextualidade, a naturalización e a institucionalidade.

Dito isto, podemos agora propor, en termos amplos, que as ideoloxías lingüísticas son o sistema de ideas que versan sobre unha lingua e o papel que esta desenvolve dentro do contexto político, económico, cultural e social determinado pola posición do seu falante na sociedade (Cisternas Irrázabal, 2022: 111). Por tanto, o nivel sociocultural, o nivel socioeconómico e o nivel sociopolítico das e dos proxenitores marca a PLF e, por conseguinte, a lingua das crianzas (Nandi, 2019: 82). Se centramos a nosa atención na lingua galega, as ideoloxías lingüísticas presentes no país poderían agruparse en dous grupos claramente diferenciados: as que teñen como argumentos os preconceptos (Freixeiro Mato, 2009) e o autoodio (Peres Vigo, 2022) e as que se manteñen nunha posición de resistencia perante eles. Con certeza, o supremacismo cultural ou a ideoloxía centralista (Peres Vigo, 2022: 2) son factores que imperan educación das nosas crianzas e cuxo resultado máis evidente é a ruptura da transmisión interxeracional.

Non obstante, non podemos deixar de lado a variábel xénero nesta análise do conflicto galego, pois xoga un papel fundamental que complementa as decisións lingüísticas das familias galegas. Desde hai décadas as feministas exixen a igualdade entre homes e mulleres para acceder á liberdade e desterrar, dunha vez por todas, o papel social que nos tocou xogar no guión patriarcal (Varela, 2019: 200). Por conseguinte, e tal como acontece cando o grupo dominante ve tremer a súa supremacía e poder xerárquico, xorden toda serie de estratexias para voltar silenciar o grupo até o de agora dominado, isto é, as mulleres.

En palabras de García Negro, este discurso segue a ser “útil e produtivo para o mantemento e reprodución do elemento dominante” que segue a pór no taboleiro a lingua galega e as mulleres galegofalantes (2010: 79). Como xa indicamos, a pretendida supremacía do español fronte ao galego, así como a supremacía do masculino perante o feminino ten, con certeza, o seu máximo expoñente nas ideoloxías lingüísticas das familias galegas transmitidas ás crianzas. Tal e como Ninyoles sinala, ambos casos –o galego e o feminino– experimentan unha “posición diglósica” (2005: 82) que obedece, en última instancia, ao poder preestabelecido e que tivo –e ten– profundas consecuencias sobre a vitalidade da lingua galega. Por tanto, á vista está que as operacións normalizadoras pola lingua galega e pola emancipación conseguida polas mulleres ás que estamos acostumadas son simples “fachadas que non aseguran en absoluto a habitabilidade do edificio” (García Negro, 2010: 87) e, por conseguinte, tampouco da súa transmisión.

2.2.2. A xestión, a práctica lingüística e a perspectiva de xénero na transmisión do galego

A ideoloxía lingüística leva implícita aqueles actos específicos que rexentan os comportamentos relativos á lingua, isto é, a xestión lingüística (Nandi, 2019: 82). É, pois, neste intre cando podemos incorporar ao discurso a lingua das e dos proxenitores e as expectativas que teñen sobre desenvolverse nunha ou noutra lingua no ámbito familiar. A intervención das e dos proxenitores no proceso lingüístico das crianzas e, por tanto, cal é a

xestión lingüística que van levar a cabo é clave para a transmisión do galego ou a súa substitución polo español.

A *familia*, entendida esta no termo contemporáneo e diverso do seu significado é “chave na adquisición da lingua” (Monteagudo *et al*, 2021: 23). Por conseguinte, a familia é aquela responsábel da socialización primaria que determine e/ou asuma os usos da lingua das crianzas. No entanto, nas últimas décadas experimentáronse grandes transformacións neste eido, xa que se até ben entrado o século XX a familia era “o apoio principal da lingua galega” (Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2016: 98), mentres que na actualidade –e co avance dos procesos substitutorios– representan o espazo, xunto coa escola, de maior desgaleguización das crianzas (Monteagudo *et al.*, 2021: 57). Así o sosteñen os estudos e gráficos achegados polos estudos recentes de demo-sociolingüística do Seminario de Sociolingüística da RAG, desde hai décadas experimentamos un proceso activo de ruptura debido, en boa medida, a que as e os proxenitores deciden educar ás crianzas nunha lingua diferente á súa. Así é que estamos a experimentar mudanzas nas prácticas lingüísticas que fan do ámbito familiar un espazo claramente españolizador (Monteagudo *et al.*, 2021: 57). Porén, é de xustiza salientar que existen casos diverxentes, protagonizados por familias pro-galego que xestionan de forma consciente as súas prácticas lingüísticas e que, de certo, representan o futuro da lingua galega.

Por tanto, a xestión e as prácticas lingüísticas das e dos proxenitoras e proxenitores, así como da(s) persoa(s) adulta(s) que socializan coas nenas e cos nenos é determinante para o seu desenvolvemento lingüístico (Monteagudo *et al*, 2021: 18). Do mesmo xeito que tamén o son as actitudes negativas cara ás linguas e cara aos seus usos ou cara ás normas sociais.

3. Marco práctico concreto: mostra e resultados

A situación sociolingüística xeral do noso país é analizada no *Mapa Sociolingüístico de Galicia do 2004* (González González, 2007, 2008 e 2011) dividido en tres volumes. O estudo evidencia cambios importantes na sociedade galega desde o MSG-92 até o MSG-04 e cuxas consecuencias son apreciábeis nas PLF, na xestión, nas prácticas e nas actitudes lingüísticas das familias galegas da actualidade. As variábeis sociolingüísticas e sociolóxicas que se teñen en conta en dito estudo versan sobre a lingua inicial, a lingua das e dos proxenitores, o lugar de nacemento, o de residencia, o nivel de estudos, a idade, a ocupación, o nivel económico e, tamén se ten en consideración a variábel xénero, aínda que esta en menor medida (González González, 2007: 7).

Das comparacións entre o mapa de 1992 e o de 2004 podemos extraer diferentes apreciacións ao respecto, tales como o avance do monolingüismo en español e, en consecuencia, un forte retroceso do galego, así como unha tendencia clara cara ao bilingüismo. Para levar a cabo esta análise, partimos, por unha banda, do primeiro volume do *Mapa Sociolingüístico de Galicia de 2004*, dado que afonda nas diferentes variábeis do proceso de transmisión interxeracional; pola outra, dos traballos recentes de Monteagudo, Loredó, Vázquez e Nandi (2021) e de Rodríguez Carnota (2022).

3.1. A mostra e o cuestionario

Para a elaboración deste Traballo de Fin de Grado optouse pola elaboración dun formulario de *Google Forms* distribuído a través de diferentes redes sociais dixitais –

WhatsApp, Twitter e Instagram– que permitiu o contacto directo cos diferentes grupos de poboación. A mostra manexada, que atende en gran medida ao proposto no MSG-04 (González González, 2007: 22), permítenos establecer diferentes conclusións canto á idade, ao lugar de nacemento e de residencia e, sobre todo, canto ao xénero das e dos informantes.

3.1.1. A mostra

Segundo estes criterios xerais, a mostra baséase sobre 323 inquéritos. Comprende un segmento de a poboación –de xénero feminino, masculino ou non binario– de 12 a máis de 42 anos que reside en diferentes zonas da Galiza. Nas tabelas expostas a amósanse as distribucións xerais da mostra segundo o xénero, a idade e o lugar de nacemento e de residencia.

Tabela 1. *Distribución da mostra do xénero feminino por idade, lugar de nacemento e de residencia*

Idade	Lugar de nacemento ¹						Lugar de residencia ²				TOTAL
	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	Resto do Estado español	Fóra do Estado español	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	
12-18 anos	4	4	-	4	-	1	2	4		7	13
18-24 anos	34	34	23	37	4	6	21	41	31	45	138


¹Nunha aldea con menos de 200 habitantes; nunha vila pequena ou mediana de 1000 a 8000 habitantes; nunha vila grande de 8000 a 14000 habitantes; nunha cidade de máis de 14000 habitantes.

²Véxase nota 1.

24-30 anos	11	22	9	12	1	1	7	16	9	24	56
30-36 anos	4	3	-	1	-	-	4	1		2	8
36-42 anos	-	1	-	2	-	-	-	1	-	2	3
Máis de 42	4	2	-	1	2	-	4	5	-	-	9

Se temos en conta os datos proporcionados, o xénero feminino tivo a maior participación nesta mostra cun 70,3% e co total de 227 inquéritos realizados. No que se refire a aquelas mulleres que naceron ben no resto do Estado español, ben fóra deste, debían indicar cantos anos levaban vivindo na Galiza. A continuación amósase a gráfica coas 19 respostas:

19 respostas



En suma, unha media de 13 anos son os que levan as nosas 19 informantes na Galiza.

Tabela 2. *Distribución da mostra do xénero masculino por idade, lugar de nacemento e de residencia*

Idade	Lugar de nacemento ³						Lugar de residencia ⁴				TOTAL
	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	Resto do Estado español	Fóra do Estado español	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	
12-18 anos	1	-	1	1	-	-	1	-	1	1	3
18-24 anos	16	11	2	21	-	-	10	11	4	25	50
24-30 anos	8	8	5	4	-	-	3	11	3	8	25
30-36 anos	1	6	-	2	-	1	1	4	1	4	10
36-42 anos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Máis de 42	2	-	-	1	-	-	2	1	-	-	3

Neste caso, o xénero masculino tivo unha participación menor, cunha porcentaxe de 28,2%, isto é, un total de 91 de inquéritos realizados; dos cales só un home naceu fóra do Estado español.

Tabela 3. *Distribución da mostra do xénero que prefire non responder por idade, lugar de nacemento e de residencia*

Idade	Lugar de nacemento ⁵						Lugar de residencia ⁶				TOTAL
	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	Resto do Estado español	Fóra do Estado español	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	

³Véxase nota 1.

⁴Véxase nota 1.

⁵Véxase nota 1.

⁶Véxase nota 1.

	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	Resto do Estado español	Fóra do Estado español	Nunha aldea	Nunha vila pequena ou mediana	Nunha vila grande	Nunha cidade	
12-18 anos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
18-24 anos	1	-	-	2	-	-	1	-	-	2	3
24-30 anos	-	2	-	-	-	-	-	2	-	-	2
30-36 anos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
36-42 anos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Máis de 42	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Canto á porcentaxe de informantes que preferiron non responder á clasificación do xénero, houbo unha participación do 1,5%, é dicir, 5 persoas.

3.1.2. O cuestionario

O cuestionario empregado neste traballo (véxase [Anexo I](#)) partiu da revisión en profundidade dos instrumentos utilizados para o MSG-92, para o MSG-04, así como os estudos recentes de Monteagudo, Loredó, Vázquez e Nandi (2021) e tamén de Rodríguez Carnota (2022). Dado que o obxectivo principal deste traballo é analizar a relevancia da variábel xénero na transmisión interxeracional, introducíronse cuestións directas nese eido que non se barallan nos estudos fundacionais da sociolingüística galega. Ademais, na procura dunha maior participación reduciuse o número de preguntas a un total de 20, das cales 18 dispoñían de varias opcións de resposta mentres que só dúas eran de resposta curta.

3.2. A xestión e práctica lingüística das e dos informantes

A distribución de linguas nas que as e os individuos aprenden a falar é un claro indicador da vitalidade do idioma (González González, 2007: 29) que nos permite observar a xestión e as prácticas lingüísticas das nosas e dos nosos informantes, xa que repercuten de forma directa na transmisión interxeracional da lingua. Por iso, para investigar a xestión, a práctica lingüística e os posíbeis cambios lingüísticos optouse por configurar un ítem con cinco categorías (González González, 2007: 32):

Cadro 1. *Ítem empregado para a lingua inicial*


P. 6. En que lingua aprendiches
a...?

En galego
En español
Nas dúas
Noutra

Xa que logo, estes *ítems* permítennos analizar multidimensionalmente os perfís individuais de acordo coa lingua inicial das e dos informantes, tal e como podemos ver na seguinte gráfica:


Gráfica 1. *Lingua inicial das e dos informantes*

6. En que lingua aprendiches a...?




Porén, para o substancial do noso traballo, debemos propor os cruzamentos coa variábel xénero, que nos permitirá ir tecendo unha análise sólida en relación co noso marco teórico. A continuación, amósanse tres gráficas divididas nas tres opcións de xénero presentes no cuestionario: xénero feminino, xénero masculino e non binario (prefiro non responder).

Gráfica 2. *Distribución da lingua inicial no xénero feminino*




Como se pode apreciar na gráfica 2, a categoría con maior número de respostas (139), tanto na lectura como na escritura, é a escolla bilingüe. No caso da fala, é destacábel a cifra/ os números positivos que se lle asignan ao galego (94) en comparación co español (42) ou coa escolla das dúas linguas (89). Non obstante, a opción maioritaria das 227 informantes é o bilingüismo inicial. No xénero masculino, e tendo en conta que a participación foi menor (91), propónse a seguinte gráfica onde o bilingüismo é a categoría con maior número de respostas na lectura (51) e na escritura (53). Aínda que na escolla da fala é o galego a lingua inicial (45), fronte ao español (10) ou o bilingüismo (36).

Gráfica 3. *Distribución da lingua inicial no xénero masculino*



Canto á distribución daquelas persoas non binarias (5), amosamos os seguintes datos, a través dos que constatamos a ausencia total do monolingüismo en galego tanto na fala, na lectura coma na escritura (0); mentres que o monolingüismo en español si que ten cabida (2) e tamén o bilingüismo (3).

Gráfica 4. *Distribución da lingua inicial nas persoas non binarias*



Obsérvase, por tanto, que os resultados obtidos aseméllanse aos datos do MSG-04, a proporción de monolingües en castelán é maior no caso das mulleres, mentres que a proporción de monolingües en galego é maior no caso dos homes; e canto a aquelas persoas non binarias o español é, na súa totalidade, a lingua inicial. Estes datos lévanos a reflexionar ao respecto do proposto no apartado teórico canto ás PLF se refire: para superar a inferiorización social que lastra o sector feminino ou o colectivo LGTBIQ+ a lingua empregada na transmisión interxeracional é a do poder dominante (o español).

3.2.1. A lingua inicial segundo a lingua falada polas e polos proxenitoras/es

Tendo en consideración a lingua inicial das e dos informantes, é preciso detérmolos na práctica lingüística das e dos proxenitores para analizar as tendencias lingüísticas seguidas canto ao xénero das crianzas se refire.

Tabela 4. Distribución da mostra das preguntas 7, 8 e 9

P.7. En que lingua falan os teus/as túas proxenitores/as entre eles/as?			
	Xénero feminino (227)	Xénero masculino (91)	Non binario (5)
Só galego	123	53	1
Máis galego que español	36	19	1
Máis español que galego	25	7	1
Só español	38	12	2
Outra(s)	5	-	-
P. 8. En que lingua se dirixe a ti o teu proxenitor 1 (ex. túa nai)?			
	Xénero feminino (227)	Xénero masculino (91)	Non binario (5)
Só galego	124	56	2
Máis galego que español	19	13	-
Máis español que galego	27	8	1
Só español	27	14	2
Outra(s)	1	-	-
Non se dirixe	-	-	-
P. 9. En que lingua se dirixe a ti o teu proxenitor 2 (ex. teu pai)?			
	Xénero feminino (227)	Xénero masculino (91)	Non binario (5)
Só galego	138	62	2
Máis galego que español	20	9	-
Máis español que galego	15	7	1
Só español	44	8	2
Outra(s)	1	1	-
Non se dirixe	9	4	-


Os resultados indican que existe unha tendencia das e dos proxenitoras/es a falar entre elas/es case unicamente en galego (123 de 227 e 53 de 91) e así lles é transmitida na maior parte dos casos ás crianzas. Porén, obsérvase un número maior de nais que se dirixen ás súas fillas en español (27 de 227) que aos fillos (14 de 91), ao igual que no caso do xénero non

binario (2 de 5). Mais cómpre sinalar a práctica lingüística dos pais, xa que os números aumentan canto a falarlle “só español” ás fillas (44 de 227), mentres que no caso dos fillos diminúe (8 de 227), posto que entronca directamente co noso obxecto de estudo: os estereotipos de xénero presentes no imaxinario popular.

3.2.2. As prácticas lingüísticas das e dos informantes

O cruzamento da xestión lingüística das e dos proxenitores lévanos a analizar cales son as prácticas lingüísticas das súas crianzas e, por tanto, das e dos nosas/os informantes.


Gráfica 5. *Prácticas lingüísticas do xénero feminino: na casa e fóra dela*



Como se pode ver na gráfica 4, a presenza de galegofalantes iniciais (56%) experimenta un decrecemento cando se sae fóra do ámbito familiar, xa que só o 30% indica falalo sempre. Merece especial atención o incremento da porcentaxe de “depende con quen”, pois dun 4% pasa a ser a opción escollida polo 10% das informantes. Sería moi interesante afondar nos motivos que as levan á deixación dos seus dereitos lingüísticos, aínda que é máis que probábel que estea vinculado á idea de adherirse ao grupo A e non dar así máis motivos ao patriarcado para seren discriminadas. En troca, é de esperar que das prácticas lingüísticas

do xénero masculino non se poidan tirar as mesmas conclusións, aínda que se pode apreciar un descenso dos monolingües iniciais en galego dun 66% no ámbito familiar a un 39% fóra del. Porén, o 33% dos informantes indican que fóra do ámbito familiar seguen a preferir o galego como lingua de comunicación perante ao español (33%).

Gráfica 6. *Prácticas lingüísticas do xénero masculino: na casa e fóra dela*




Por tanto, e de acordo co MSG-04, o xénero é unha das variábeis que amosa maior relación coa mudanza de lingua no noso país (González González, 2007: 133).

3.2.3. A percepción das e dos informantes canto ás novas xeracións

Os datos até o de agora amosados permiten falar en forma futura para lingua galega; non obstante, cómpre detérmonos nas apreciacións das e dos informantes canto a lingua das novas xeracións se refire. De aí a pregunta “en que lingua se dirixen as persoas adultas do teu entorno ás nenas e aos nenos?” que amosa os seguintes datos:

Gráfica 7. *Resposta á pregunta “en que lingua se dirixen as persoas adultas do teu entorno ás nenas e aos nenos?”*

323 respostas



En termos lingüísticos, o español é escollido como lingua transmisora nas crianzas (44%) perante a lingua galega (40,2%); mentres que é esperanzador que sexa o monolingüismo en galego (8,4%) o que supere ao español cun punto de diferenza. Estes datos lévannos a cuestionarnos se o xénero da crianza pode chegar a ser influínte na escolla dunha lingua ou doutra por parte das e dos proxenitoras/es.


3.2.3.1. O caso das nenas

Canto á pregunta “a quen cres que se lles fala máis español”, entre as e os informantes hai disparidade de opinións. Un 75,9% indica que non hai diferenza; porén, un 22% expón que “ás nenas”, fronte ao 2,2% dos “nenos”:

Gráfica 8. *Resposta á pregunta: “a quen cres que se lles fala máis español?”*

15. A quen cres que se lles fala máis español?

323 respostas



Cómpre destacar o desacougo que provocan estes datos, xa que a súa explicación vai moito máis alá dos preconceptos lingüísticos que asoballan ao galego e entran en xogo os estereotipos de xénero. Por tanto, estas prácticas lingüísticas semellan a posíbeis estratexias para protexer a vulnerabilidade das nenas e non darlle, por conseguinte, máis motivos ao patriarcado para seren o foco de discriminacións. Aínda que esta práctica non é unha apreciación puntual das nosas e dos nosos informantes, xa que autores como Francisco Rodríguez (1998); García Negro (2010); Moure (2010); Monteagudo, Loredó e Vázquez (2016); ou Rodríguez Carnota (2022) xa particularizan nisto mesmo.

3.2.3.2. O caso dos nenos


Canto aos resultados á pregunta “a quen se lle fala máis galego” amósannos novamente unha realidade social na que os nenos –como parte do grupo dominante–

outórgaselles unha liberdade lingüística que as nenas non teñen e que se ve reflectida nesta gráfica:

Gráfica 9. *Resposta á pregunta: “a quen cres que se lles fala máis galego?”*

16. A quen cres que se lles fala máis galego?

323 respostas



O 21,1% das e dos informantes coinciden en afirmar que a lingua de transmisión escollida para a crianza dos nenos é o galego. De novo, os estereotipos de xénero tamén teñen cabida nestes resultados, pois só o 3,4% das e dos informantes considera que son ás nenas ás que máis se lles fala galego. En suma, os datos só reflicten o peso dun *cargoso pasado* (Simeone de Beauvoir, 1949: 9) imposto.


3.3. Unha análise cualitativa: a relación entre o xénero e a ruptura da transmisión interxeracional segundo os e as informantes

As preguntas finais que cerran o inquérito teñen a ver cunha reflexión sobre os preconceitos lingüísticos e os estereotipos de xénero existentes no noso país e que, por conseguinte, posúen gran relevancia no proceso de transmisión interxeracional. Foron moitas

as ideas propostas polas e polos informantes (véxase [Anexo II](#)), por iso, vémonos na obriga de seleccionar aquelas máis salientábeis para a progresión da nosa análise. Por unha banda, preguntábase se socialmente está igual de ben visto que unha muller fale en galego a que o faga un home. O 76,8% das e dos informantes indica que si, mais un 23,2% difire que non é así.

É salientábel amosar o xénero deste 23,2% que indica que si que existen preconceitos ao respecto:

Gráfica 9. Resultados desglosados da pregunta 17



Enténdese, pois, que as 59 informantes que responderon “si” e que conforman este 79%, fixérono con coñecemento de causa e, seguramente, con algunha que outra situación persoal que abala a súa resposta. Por iso, acompáñase a esta pregunta dunha reflexión curta que permita coñecer as súas percepcións ao respecto, para a que contamos con 61 respostas (véxase [Anexo II](#)). Por tanto, é preciso detérmonos en que a metade destas reflexións coinciden en destacar que socialmente non está igualmente ben visto que unha muller fale galego ou que o fale un home e que se debe á asociación –totalmente prexuzada– de que o galego é un idioma bruto para soar en boca das mulleres. Nesta mesma liña, tamén son

numerosas as respostas que asocian este preconceito lingüístico cos estereotipos de xénero, tal e como se pode ver nestes casos:

- Informante 323: “Creio que às mulleres se nos relaciona co ideal da delicadeza, e aos homes co da maior violéncia. Em quanto pola situación lingüística do galego este último é relacionado com unha maior brutalidade, creio que por isso mesmo é máis aceptado que un home o fale a que o faga unha moça”.
- Informante 11: “Creo que temos moi interiorizadas as diferencias de xénero e as características femininas de ter que ser “máis correctas” e se a iso lle sumamos o prexuízo de “lingua vulgar/fina”, as relación son obvias”.
- Informante 119: “Desde a miña experiencia, creo que se espera das nenas que falen castelán, imaxino que como unha forma de facer que encaixen nos roles patriarcais da sociedade. Coñezo pais con fillos e fillas que lle falan galego aos fillos e español ás fillas, o cal non me ten sentido ningún *hahaha. Eu creo que, aínda que sexa de forma inconsciente, é unha maneira de educar ás nenas para que sexan “máis refinadas”, mentres que no caso dos fillos (varóns) iso dá máis igual”.

Cómpre tamén facer fincapé en varias das cuestións reflexionadas polas e polos informantes ao respecto do poder social que exerce a presenza dun home falando galego do que unha muller:

- Informante 46: “Que un home fale galego faino interesante e dono das súas propias decisión, outórgalle intelectualidade. No *entanto, polo xeral, que unha muller fale

galego parece que nos fai pensar que non é unha escolla, senón que o fai porque é o único que sabe falar”.

- Informante 123: “(...) tendo en conta que ás mulleres esíxennos maior presenza física ca os homes e debemos estar continuamente a demostrar a nosa intelixencia e intelectualidade que falemos galego pode (obviamente de forma errada) facernos ver como máis parvas”.
- Informante 134: “Un home tómase máis en serio”.
- Informante 226: “Tradicionalmente ós homes permíteselles falar galego e manter un *estatus social elevado pero non así ás mulleres”.

Posto que todas elas nos levan a reafirmarnos no proposto por García Negro, “o tamaño do esforzo que tantas mulleres deben realizar para seren alguén é directamente proporcional ao mérito concedido á presenza normal da lingua galega” (2010: 86). En suma, os estereotipos de xénero están, con certeza, intimamente relacionados cos preconceptos lingüísticos e xuntos marcan a dirección da transmisión interxeracional do noso país.

4. Conclusións

Unha vez expostos e analizados os datos que achegamos neste traballo, podemos establecer unha serie de conclusións sobre a situación da transmisión interxeracional da lingua galega. En primeiro lugar, este estudo tivo unha grande aceptación entre as e os informantes que en 48 horas responderon un total de 323 inquéritos, se ben debemos destacar que houbo unha maior participación do xénero feminino. En segundo lugar, a través deste estudo puidemos constatar que a política lingüística familiar (PLF), a súa xestión e as súas

prácticas lingüísticas son o ámbito fundamental para adquisición da lingua e para o desenvolvemento das actitudes lingüísticas. Das nosas e dos nosos informantes observamos que a familia é o axente principal de transmisión do galego, posto que é a súa lingua inicial e tamén a habitual; non obstante, un gran número de informantes indicaron que nos ámbitos de lectura e de escritura o español está moi presente. A escola é un dos grandes axentes castelanizadores do noso tempo. Alén disto, outro punto en que debemos facer fincapé é nos datos que revelan que a lingua galega non é a lingua escollida por unha notábel maioría da nosa contorna para educar as crianzas e máis cando se trata das nenas. Esta non é unha apreciación particular de estudosas e estudosos da lingua, dado que foron moitas e moitos informantes que coinciden en confirmar que se lles fala máis galego aos nenos, máis español ás nenas e, como consecuencia, experimentamos unha ruptura da transmisión interxeracional que ten como foco o xénero.

Desde a Antigüidade, o xénero foi a escusa perfecta das elites dominantes nas sociedades heteropatriarcais para discriminar, subordinar, ocultar e silenciar as mulleres. Na actualidade, o xénero é tamén empregado –consciente ou inconscientemente– como xustificación para as prácticas lingüísticas dos adultos coas crianzas.

En resumo, o porvir do galego, con certeza, está nas nosas mans. Por iso, debemos sermos conscientes da nosa propia historia como pobo con cultura e lingua de seu; unha historia asoballada e chea discriminacións que fan trazar grandes similitudes coa historia das mulleres, chea tamén de discriminacións e de supeditación ao grupo dominante. Nas nosas prácticas lingüísticas debemos ter sempre claro o vello dito que di: “o pobo que non coñece a súa historia está condenado a repetila”.

Por último, deste traballo tamén puiden corroborar que somos un país que precisa de políticas lingüísticas á altura da nosa lingua e que estas, indisolubelmente, deben ir da man das políticas de igualdade.

5. Referencias bibliográficas

Adán, Carme (2018). *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*. Vigo: Editorial Galaxia.

Bagno, Marcos (2003 [1999]). *Preconceito lingüístico. O que é, como se faz*. São Paulo: Loyola.

Beauvoir, Simone de (2008 [1949]). *O segundo sexo*; traducción Marga Rguez. Marcuño; revisión temático-filosófica, África B. López Souto. Vigo: Edición Xerais de Galicia.

Bourdieu, Pierre (1982). *Ce que parler veut dire: L'économie des échanges linguistiques*. París: Fayard.

Calvet, Louis-Jean (1996). *A (socio)lingüística*. Trad. Alberte Allegue Leira. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Castelao, A. D. Rodríguez (1961). *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición “As Burgas”.

Cisternas Irarrázabal, César (2022). “Ideoloxías lingüísticas como sistemas de representacións sociais: unha proposta teórica interdisciplinaria” en *RLA. Revista de lingüística teórica y aplicada*, vol. 60, pp. 107-125. Universidade de Concepción.

Costas, Xosé-Henrique (coord.) (2009). *55 mentiras sobre a lingua galega. Análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Del Valle, José (2007). *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español*. Madrid: Iberoamericana.

Fairclough, Norman (1989). *Language and Power*. Longman.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999). *Lingua galega: Normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). “Lingua galega e preconceptos” en *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 10, pp. 115-144.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega” en *Lingua e Futuro*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). *Idioma e sociedade: Sobre a normalización e planificación da lingua galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

García Negro, María Pilar (1993). *Sempre en Galego*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

García Negro, María Pilar (2010). “Dúas subordinacións en paralelo: mulleres e lingua galega” en *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*. Servizo de Norlaización Lingüística, Universidade da Coruña.

Gradín Lago, Carlos (2007). “Determinantes socioeconómicos da lingua: o caso do galego”, *Revista Galega de Economía*, 16/1, 155-172

González González, Manuel (2003). *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.

González González, Manuel (dir.) (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

González González, Manuel (dir.) (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

González Veira, Avia e Seoane Bouzas, Nuria (2010). “Un achegamento aos preconceptos contra o galego por parte das mullers a través das súas palabras” en *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*. Servizo de Norlaización Lingüística, Universidade da Coruña.

Iglesias Álvarez, Ana. (2003 [2002]). *Falar galego: “No veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Iglesias Álvarez, Ana e Acuña Ferreiro, Virginia (2022). “Fálalle castelán que é o idioma da cidade”: a importancia dos contextos no éxito ou fracaso da transmisión familiar do galego en *Estudos de lingüística galega*, n.º 14. Universidade de Santiago de Compostela.

Irvine, Judith (1989). *When talk isn't cheap: Language and political economy*. *American Ethnologist*, 16(2), 248-267.

Kroskrity, Paul (2004). Language ideologies en Duranti, Alessandro (ed.), *A companion to linguistic anthropology*, pp. 496-517. Londres, Reino Unido: Blackwell Publishing.

Labov, William (1966). *The social stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.

Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Vázquez, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega, D.L.

Monteagudo, Henrique (2017). “Lingua e sociedade en Galicia” en *Lingüística Galega a contribución do Instituto da Lingua Galega*, vol. 3, n.º 1. Rio de Janeiro: LaborHistórico.

Morales Barrera, Mónica (2019). “La transmisión inconsciente en la cultura y la educación” en Revista *Ensayos Pedagógicos*, vol. XIV, n.º 2. Costa Rica.

Moreno Cabrera, Juan Carlos (2006 [2000]). *La dignidad e igualdade de las linguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza Editorial.

Moure, Teresa (2010). “Falarmos galego as mulleres, por que non?” en *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*. Servizo de Norlaización Lingüística, Universidade da Coruña.

Nandi, Anik (2019). “Política lingüística familiar. O papel dos proxenitores pro-galego na transmisión interxeracional” en *Estudos de Lingüística galega*, n.º 11. Universidade de Santiago de Compostela.

Ninyoles, Rafael Lluís (1997). *Idioma i prejudici*. València: Eliseu Climent.

Ninyoles, Rafael Lluís (2005). *Idioma e poder social*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Péres Vigo, Alexandre (2022). “*Gallego, con perdón: Un achegamento literario ao fenómeno do autoodio na Galiza seiscentista*”, en *Moenia*, n.º 22. Universidade de Santiago de Compostela.

Pozo Muñoz, Carmen; Martos Méndez, María José; Salvador Ferrer, Carmen María; Alonso Morillejo, Enrique; Hernández Plaza, Sonia (2008). “Análisis del sexismo y estereotipos de género como predictores de la discriminación y violencia hacia las mujeres” en *Revista de Psicología Social Aplicada*, vol. 18, n.º 1.

Queizán, María Xosé (1977). *A muller en Galicia. A muller na sociedade galega. A lingua galega e a muller: análise estrutural de dous feitos represivos*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.

Reyna-Muniain, Facundo (2018). “Procesos de galeguización y regaleguización en Buenos Aires: Lengua, Identidad y Política lingüística familiar en la comunidad gallega de Buenos Aires”, *Migrationsbedingte Sprachkontakte in der Romania des 21. JH.* Carolin Patzelt, et al. Berlin: Peter Lang

Rodríguez, Francisco (1998). *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Rodríguez Carnota, Miguel (2022). *Lingua, poder e adolescencia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Sanmartín Rei, Goretti (2002). *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*. A Coruña: Espiral Maior.

Schieffelin, Bambi; Woolard, Kathryn e Kroskrity, Paul (eds.). (1998). *Language ideologies. Practice and theory*. New York-Oxford: Oxford University Press.

Silverstein, Michael (1979). Language structure and linguistic ideology en Clyne, Paul; Hanks, William y Hofbauer, Carol (eds.), *The elements: a parasection on linguistic units and beliefs* (pp. 193-247). Chicago, Estados Unidos: Chicago Linguistic Society.

Spolsky, Bernard (2004). *Language policy*. Cambridge, Reino Unido: Cambridge University Press.

Ramallo, Fernando (2010). “Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego” en *Educación e linguas en Galicia*. Universidade de Vigo.

Seminario de Sociolingüística (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Trudgill, Peter (1972). «Sex, covert prestige and linguistic change in the urban British English of Norwich», en *Language in Society*, vol.1, pp. 179-195.

Tuson, Jesús (1990). *Mal de linguas. Arredor dos prexuícios lingüísticos*. Trad. de Xulio C. Sousa. Vigo: Ir Indo.

Varela, Nuria (2017). *Feminismo para principiantes*. Barcelona: Ediciones B.

Zhou, Minglang (2019). *Language ideology and order in rising China*. Singapur, Singapur: Palgrave Macmillan.

6. Anexos

Anexo I: Inquérito distribuído a través das redes sociais dixitais

Estudo da situación sociolingüística na mocidade galega

Ola! Son estudante do Grao en Galego-Portugués: Estudos lingüísticos e Literarios da Universidade da Coruña e esta enquisa forma parte da investigación do meu Traballo de Fin de Grao (TFG) que versa sobre o estudo da situación sociolingüística na mocidade galega desde unha perspectiva de xénero. Por iso, agradeceríavos enormemente a vosa colaboración, **só leva 5 minutos!**

Por suposto, a información aquí recollida será **anónima** e coa única finalidade de recadar datos para o estudo.

Grazas de antemán!

1. Xénero:

- Feminino
- Masculino
- Prefiro non responder

2. Cantos anos tes?

- 12-18
- 18-24
- 24-30
- 30-36
- 36-42
- Máis de 42

3. Onde vives?

- Nunha aldea (menos de 200 habitantes)
- Nunha vila pequena ou mediana (de 1000 a 8000 habitantes)
- Nunha vila grande (de 8000 a 14000 habitantes)
- Nunha cidade (máis de 14000 habitantes)

4. Onde naciches?

- Nunha aldea (menos de 200 habitantes)
- Nunha vila pequena ou mediana (de 1000 a 8000 habitantes)
- Nunha vila grande (de 8000 a 14000 habitantes)
- Nunha cidade (máis de 14000 habitantes)

- Resto do Estado español
- Fóra do Estado español

5. Se naciches fóra de Galiza, cantos anos levas vivindo aquí?

6. En que lingua aprendiches a...?

	En galego	En español	Nas dúas	Noutra
Falar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ler	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Escribir	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

7. En que lingua falan os teus/as tús proxenitores/as entre eles/as?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)

8. En que lingua se dirixe a ti o proxenitor 1 (ex. Túa nai)?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Non se dirixe

9. En que lingua se dirixe a ti o proxenitor 2 (ex. Teu pai)?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Non se dirixe

10. En que lingua falas habitualmente na casa?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Depende de con quen

11. En que lingua falas habitualmente fóra da casa?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Depende de con quen

12. Coñeces alguén que mudase de lingua habitual algunha vez na súa vida?

- Si, moitas persoas
- Si, mais poucas persoas
- Non

13. No caso de que si que coñezas algún caso que mudase de lingua habitual, que lingua falaba até ese momento?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Non coñezo a ninguén que mudase de lingua

14. En que lingua se dirixen as persoas adultas do teu entorno ás nenas e aos nenos?

- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)

15. A quen cres que se lles fala máis español?

- Ás nenas
- Aos nenos
- Non hai diferenza

16. A quen cres que se lles fala máis galego?

- Ás nenas
- Aos nenos
- Non hai diferenza

17. Quen cres que fala máis galego?

- Ás nenas
- Aos nenos
- Non hai diferenza

18. Cres que está igualmente ben visto que un home e que unha muller falen galego?

- Si
- Non

19. Se a túa resposta foi “non” expón de forma breve a túa percepción ao respecto.

20. Cres que segue a haber prexuizos (ou preconceptos) cara a lingua galega e as/os seus falantes?



- Si
- Non

21. De ser afirmativa a túa resposta, poderías indicarnos algún deles?

Anexo II: Resposta dos inquéritos



1. Xénero:

323 respostas




2. Cantos anos tes?

323 respostas



3. Onde vives?


323 respostas



- Nunha aldea (menos de 200 habitantes)
- Nunha vila pequena ou mediana (de 1000 a 8000 habitantes)
- Nunha vila grande (de 8000 a 14000 habitantes)
- Nunha cidade (máis de 14000 habitantes)

4. Onde naciches?


323 respostas




- Nunha aldea (menos de 200 habitantes)
- Nunha vila pequena ou mediana (de 1000 a 8000 habitantes)
- Nunha vila grande (de 8000 a 14000 habitantes)
- Nunha cidade (máis de 14000 habitantes)
- Resto do Estado español
- Fóra do Estado español

5. Se naciches fóra de Galiza, cantos anos levas vivindo aquí?

19 respostas




6. En que lingua aprendiches a...?




7. En que lingua falan os teus/as tús proxenitores/as entre eles/as?

323 respostas




8. En que lingua se dirixe a ti o proxenitor 1 (ex. túa nai)?

323 respostas



9. En que lingua se dirixe a ti o proxenitor 2 (ex. teu pai)?


323 respostas



- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Non se dirixe

10. En que lingua falas habitualmente na casa?


323 respostas



- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Depende de con quen

11. En que lingua falas habitualmente fóra da casa?


323 respostas



- Só galego
- Máis galego que español
- Máis español que galego
- Só español
- Outra(s)
- Depende de con quen


12. Coñeces alguén que mudase de lingua habitual algunha vez na súa vida?

323 respostas




13. No caso de que si que coñezas algún caso que mudase de lingua habitual, que lingua falaba até ese momento?

323 respostas




14. En que lingua se dirixen as persoas adultas do teu entorno ás nenas e aos nenos?

323 respostas




15. A quen cres que se lles fala máis español?

323 respostas




16. A quen cres que se lles fala máis galego?

323 respostas




16. Quen cres que fala máis galego?

323 respostas



17. Cres que está igualmente ben visto que un home e que unha muller falen galego?

323 respostas



18. Se a túa resposta foi "non" expón de forma breve a túa percepción ao respecto. 61

respostas

- Informante 10: galego está socialmente como unha “lingua de aldea”, que só falan os “paletos”
- Informante 11: Creo que temos moi interiorizadas as diferencias de xénero e as características femininas de ter que ser "máis correctas" e se a iso lle sumamos o prexuízo de "lingua vulgar/fina", as relacións son obvias
- Informante 14: galego ten mais prexuízos ca o castelán, como por exemplo creese que é mais "bruto" polo que estaría peor visto que o faltase unha muller que supostamente tería que ser mais delicada.
- Informante 16: Penso que nas mulleres está menos "admitido" polo estereotipo de que o galego é máis bruto e a sociedade asocia o xénero feminino á delicadeza
- Informante 21: Penso que moita xente asocia o galego ao traballo no campo e o mundo agrogandeiro e á súa vez, estas labores aos homes, polo que o feito de que un home fale galego é máis "normal" porque é da vranxa, mentras que unha muller ten que ser máis "señorita", menod bruta
- Informante 22: Se unha muller fala galego pensan q é unha aldeana e esta como mal visto
- Informante 26: Creo que responde máis a clases sociais
- Informante 36: Aos homes que falan galego se lles considera máis paletos e ás mulleres non
- Informante 46: Que un home fale galego faino interesante e dono das súas propias decisións, outórgalle intelectualidade. No entanto, polo xeral, que unha muller fale galego parece que nos fai pensar que non é unha escolla, senón que o fai porque é o único que sabe falar.
- Informante 51: O galego segue sendo asociado ao pobo, ao rural ao masculino en xeral.
- Informante 60: Penso que está mellor visto os homes falaren galego.

- Considero que o estereotipo asociado a unha figura masculina que fala en galego pode ser mais sinxelo de colocar que a unha muller, sobre todo en contextos mais rurais e alonxados das cidades. Aínda así, non creo que exista unha gran diferenza.
- Informante 63: Considero que as mulleres que falan galego teñen máis prexuízos dos que o propio galego pode ter, ser muller galegofalante trae consigo pensar que é menos feminina
- Informante 86: As mulleres que falan en galego están peor vistas que os homes que o fan, ao igual que todo aquilo que fan mulleres e homes. Estes sempre son valorados de xeito diferente.
- Informante 89: Cuestión de prexuízos cara o galego e a consideración do español como lingua menos “bruta”
- Informante 90: Segue a existir a idea de que as mulleres non deben falar galego.
- Informante 103: As veces a xente ten a idea de que o galego é máis bruto por iso soe ser atribuído ao xénero masculino
- Informante 104: Penso que 'grosso modo' non hai diferenzas entres nenos e nenas, sobretudo en vilas pequenas e aldeas, mais si que é verdade que, a medida que van medrando, parece que hai máis homes que mulleres que o falan. No caso do meu entorno (opinión completamente persoal), aos rapaces dalles máis igual o que a xente poda dicir deles, non sendo así o caso das rapazas, que mesmo mudan de lingua só cando saen das súas aldeas (ex. en Carballo falan galego, pero na Coruña mudan ao español). Entón non sei se o motivo será vergoña ou outra cousa, pero si que chama a atención porque parece que os homes non teñen que preocuparse por nada e as mulleres sempre andemos pensando no que dirán, no mal que me queda falar galego e demais motivos absurdos.
- Informante 107: Penso que pode haber certo estereotipos, tendo en conta a desigualdade da muller, na que deben ser "finas" e para iso utilizar o castelán, tamén considerado como unha lingua "máis valiosa ou importante"
- Informante 114: Nas mulleres en moitos casos percíbese coma ser de pobo ou non ter cultura, mais nos homes considerase normal
- Informante 119: desde a miña experiencia, creo que se se espera das nenas que falen castelán, imaxino que como unha forma de facer que encaixen nos roles patriarcais da sociedade. coñezo pais con fillos e fillas que lle falan galego aos fillos e español ás fillas, o cal non me ten sentido ningún hahaha. eu creo que, aínda que sexa de forma inconsciente, é unha maneira de educar ás nenas para que sexan “máis refinadas”, mentres que no caso dos fillos (varóns) iso dá máis igual.
- Informante 123: Normalmente asóciase o galego cunha clase máis baixa, menos “elegante” que aquelas persoas que falan castelán e, tendo en conta que ás mulleres esíxennos maior presenza física ca os homes e debemos estar continuamente a demostrar a nosa intelixenza e intelectualidade, que falemos galego pode (obviamente de forma errada) facernos ver como mais parvas. É outra forma en que os prexuízos de clase topan coa condición de ser muller e unha lingua minorizada
- Informante 133: A muller ten que ser máis “fina” non pode falar falego 😞


- Informante 134: Un home tómase máis en serio
- Informante 139: É máis habitual escoitar que é raro que unha rapaza ou unha nena falen galego e considero menos frecuente escoitar iso sobre os rapaces
- Informante 141: Adoitase a pensar que o galego é demasiado bruto para unha muller
- Informante 144: Acho que é polo preconceito de que o galego é bruto, que se xunta co estereotipo de que as mulleres temos de ser refinadas
- Informante 156: Á Muller a sociedade pídelle ser máis "fina" que ao Home e polo xeral pénsase que para acadar esa "fineza" a Muller ten que falar español
- Informante 169: Debido a que se considera "bruto"
- Informante 174: A miña resposta está condicionada porque son graduado en galego, pero polo que puiden observar as nenas "deben" ser máis "educadas" e por iso, basicamente
- Informante 189: Prexuizos machistas e galegofobos: o galego considerase como bruto e sucio mentres á muller esixeselle (para ser boa muller entendase) der fina, refinada. Se fala galego abrutécese por dicilo dalgún xeito. Creo que non funciona de maneira directa pero si que é unha asociación que esta por dicilo dalgunha maneira, no subconsciente
- Informante 204: Normalmente está mellor visto que un home fale galego se se trata dun lugar castelanfalante.
- Informante 213: Os nenos son "homes" e as nenas senhoritas e non poden falar unha lingua considerada vulgar
- Informante 216: É indiferente
- Informante 225: Parece de certa maneira que as mulleres non poden falar galego porque así entrarían dentro de todos os seus prexuizos e non lle gustaría a nadie. Aos homes como que da un pouco igual iso. As mulleres teñen que ser mais "finas" xd
- Informante 226: Tradicionalmente ós homes permíteselles falar galego e manter un estatus social elevado pero non así ás mulleres.
- Informante 227: As veces parece q se considera mais vulgar a unha muller se fala galego
- Informante 233: Creo que se ten o prexuízo de que o galego é máis bruto e o castelán máis delicado, por iso o galego se lle "permite" máis aos nenos do que ás nenas
- Informante 235: Homes en galego: brutos, de aldea
- Informante 240: Hai a crenza de que unha muller debe falar español para progresar socialmente
- Informante 245: Mais que por falar galego considero que o que importa é o dialecto. Por exemplo, se unha muller fala con gheada pode verse como "pouco fino" e bruto 😞
- Informante 251: Penso que é mellor acollido que un neno fale galego, nunha nena pode verse como pouco feminina

- Informante 254: socialmente penso que unha muller proxecta, nalgúns entornos, máis “elegancia”
- Informante 257: Penso que os preconceitos asociados ao galego en canto a "rudeza", "ruralidade" e "politización nacionalista de esquerdas" semella máis sancionada nas mulleres ca nos homes con motivo dos estereotipos de xénero.
- Informante 261: O galego asociase a algo de monte, bruto, cousa que as mulleres non poden ser é os Homes si
- Informante 262: Creo que non está tan mal visto que un home fale galego, a que si que o faga unha muller. Isto débese aos prexuízos que hai cara o galego e os roles de xénero. Por exemplo, se unha rapaza fala galego, pode considerarse menos feminina, ou non tan “fina”, xa que o galego foi asociado durante muito tempo a lingua de pobres, de burros e de *pueblo, coma se fose algo malo.
- Informante 266: Nun home penso que a sociedade o ten mais asimilado porque socialmente estan vistos coma personas máis brutas. Sen embargo ás mulleres exísexelles certa finura que a ollos de algúns incultos non se consegue falando galego.
- Informante 277: Que alguén fale galego sempre sorprende e até eu que son galegofalante teño esa percepción. Supoño que temos tan interiorizado que o que se “debe” falar é o castelán que cando nos percatamos de que a outra persoa tamén fala galego é unha alegría.
- Informante 279: Hai moita/ casuístas a ter en conta, pero creo hai un factor de xénero por construcións sociais asociadas ao patriarcado.
- Informante 285: Misoxinia
- Informante 286: Creo que hai moita desigualdade no uso da nosa lingua debido aos numerosos estereotipos da sociedades. Vemos como as mulleres son criticadas polo que son e, por tanto, están obrigadas a seguir unha serie de rolas que os homes, pola contra, non deberían de facelo á hora de usar a lingua
- Informante 289: Vinculación de trazos nomeadamente galegos asociados ao bruto, ao non feminino. Nos homes xúlgase menos
- Informante 290: Aínda que non foi i meu caso, si que teño escoitado e sentido dicir que o galego queda bruto nunha rapaza. Coma se fora menos “feminino”
- Informante 296: Tenden a atribuírlles o castelán ás nenas por estereotipos de ser a lingua “ fina”
- Informante 308: trátase de bruta á rapaza
- Informante 309: Porque se asocia el gallego con lo bruto igual que a los hombres, por eso socialmente creo que está peor visto que una mujer hable gallego aunque no esté de acuerdo en eso
- Informante 310: O galego é percivida como unha lingua "bruta", concepto tamén asociado á masculinidade
- Informante 313: Sobre todo cando empregas variedades dialectais
- Informante 318: En verdade non teño unha opinión ao respecto, non mo prantexara, pero estou segura de que ten que o xénero ten que ter algún impacto nas percepcións sobre as galegofalantes

- Informante 322: A muller tende a relacionarse máis coa "finura, delicadeza", atributos asociados á xente de maior educación e, polo tanto, que falan castelán. O galego está máis relacionado con ser "rudo, bruto", cualidades que se atribúen máis aos homes e en xeral á xente ignorante.
- Informante 323: Creio que às mulleres se nos relaciona co ideal da delicadeza, e aos homes co da maior violència. Em quanto pola situación lingüística do galego este último é relacionado con umha maior brutalidade, creio que por isso mesmo é mais aceptado que um homem o fale a que o faga umha moça

19. Cres que segue a haber prexuízos (ou preconceitos) cara a lingua galega e as/os seus falantes?

323 respostas



De ser afirmativa a túa resposta, poderías indicarnos algún deles? 189 respostas

- Informante 2: A falta de utilidade
- Informante 7: Acho que seguen a ser actuais, aínda que en menor medida, preconceitos erróneos arraigados desde hai tempo como que o galego non serve para nada (a pesar de nos conectar coa lusofonía), que é unha lingua de aldeáns e incultos, ou que é un dialecto do español (madría leva!).
- Informante 8: Síguese relacionando moito co rural como algo despectivo
- Informante 9: Falar galego asociado a ser de aldea
- Informante 10: Que os que falan galego son de clase social máis baixa
- Informante 11: A que acabo de comentar, lingua final/vulgar, neste caso, máis outros como lingua de aldea/cidade, lingua asociada aos discursos políticos nacionalistas, etc
- Informante 14: Aínda se pensa que o galego so se utiliza no rural, que é moi "bruto", que non serve para nada...
- Informante 16: Aínda que menos que hai anos, sinto que se segue asociando o galego á aldea e o castelán á cidade. Tamén actualmente penso que algunha xente asocia falar galego con movementos políticos nacionalistas ou de esquerdas.

- Informante 19: Segue a verse como unha lingua para usar en determinados contextos, lonxe dos laborais, docentes, etc. "El gallego para las vacas"
- Informante 20: Preconceitos relacionados coa pobreza e a cultura. Ademais, outro dos prexuizos é o galego como lingua inservíbel fóra de Galiza.
- Informante 21: Aínda que penso que hai menos ca antes, diría que se segue a ver como unha lingua de xente do campo, bruta, rural, que aporta pouco
- Informante 22: Aos q falan galego soenlle chamar de todo tipo: aldeanos ou cousas así
- Informante 23: Ser unha lingua "só de aldea", que non vas chegar a ningún lado con ela.
- Informante 26: O de paletos de aldea sigue a estar presente
- Informante 28: Asociar o galego a ignorancia e á aldea
- Informante 29: Moita xente considera o galego unha lingua minorizada para desenvolverse nalgúns ámbitos, sobretudo nas grandes cidades
- Informante 32: galego como "lingua de pobres"
- Informante 35: Se falas galego a sociedade pensa que non es tan atractivo, que es máis vulgar, menos culto...por desgraza continúan a existir unha gran cantidade de prexuizos.
- Informante 40: Presunción de asociación política, preconceito de estudos inferiores ou inexistencia deles...
- Informante 41: O típico de que non serve para nada fóra de Galiza.
- Informante 42: Consideran que es unha persoa de nivel económico baixo e sen estudos.
- Informante 45: O galego non serve fora de Galiza
- Informante 46: Ser ignorante, ter menos cartos, "ser de aldea", pertencer a segundo que partido político...
- Informante 47: Que eres do rural, persoa bruta, marimacho...
- Informante 48: Pois por exemplo, o típico de que o galego é unha lingua que non se debe falar porque disque é como... de catetos? Aínda vin o outro día un experimento social sobre iso. 🙄
- Informante 49: Seguen a pensar que por falar galego sabemos menos que o resto, que somos de aldea e temos menos cultura que os que falan o castelán. Os que falamos galego, tamén podemos vivir nas grandes cidades e adaptámonos igual que os que falan inglés, frances, portugués ou o propio castelán co que tanto se compara.
- Informante 50: a de que co galego non che serve para saír fóra, ou a de que é de "pueblo" sígoas escoitando
- Informante 51: Segue habendo xente que o considera unha lingua inferior, de xente intelectualmente inferior, que non saíron de Galiza aínda que non sexa así.
- Informante 52: que é de pobres, de pueblo, de montunos e que soa feo
- Informante 54: Moitas persoas consideran o galego vulgar, incluso propio das persoas que viven na aldea e carecen de estudos. Tamén considero que moitas

persoas non empregan o galego por pertencer a grupos nos que a maioría empregan outro idioma, neste caso o español, e para non sentirse marxinados.

- Informante 55: Asiduamente (no meu entorno) asociase o galego ó entorno rural (dandolle a tal condición un significado pexorativo/negativo, de atraso), e a persoas maiores e sen estudos. Tamén consideran que é unha lingua pouco útil e unha perda de tempo estudala.
- Informante 56: Xente maior que os conserva
- Informante 57: Está vista como unha lingua de menor prestixio e asociada a persoas de clase baixa, do rural, sen estudos...
- Informante 59: Lingua de pobres, analfabetos. Lingua de aldea
- Informante 60: Galego vinculado con umha ideoloxía ou profesión.
- Informante 62: porque os castejanos se falamos galego chamannos paletos
- Informante 63: O galego está mal visto sobre todo nas cidades por pensar que falalo é da xente da aldea, “falar galego é de paletos”, “ que hace una señorita como tu hablando gallego?”...
- Informante 65: Pois que só sirve pra comunicarnos se estamos en Galicia, cousa que é incorrecta.
- Informante 66: a xente que fala galego está mal vista cando e a súa lingua
- Informante 71: Asociar o galego ca falta de cultura ou co rural. Relegar o galego ao ámbito doméstico e excluílo en ambientes formais, así como de disciplinas tales como a ciencia.
- Informante 74: Hai xente que sigue pensando que é un dialecto non unha lingua propia. Ademais tamén pensan que non ten o mesmo valor que o español.
- Informante 76: Existen moitos tipos se preconceptos e prexuízos contra o galego, como os relacionados coa súa suposta falta de utilidade, os que relacionan esta lingua co atraso, ou a incompetencia das falantes de galego. Con todo, tamén resaltamos preconceitos contrarios a estes, por exemplo os que están relacionados coa suposta imposición do galego.
- Informante 77: Poucas oportunidades laborais
- Informante 78: Quen fala galego é de monte
- Informante 80: Creo que moitas veces o galego se asocia ás aldeas e mundo rural, cando ten moitas oportunidades
- Informante 85: Seguese tendo por unha lingua “inferior” e propia da aldea
- Informante 86: Por exemplo que é unha lingua que só se fala nas aldeas ou que non ten ningunha utilidade.
- Informante 88: A "inutilidade" da lingua galega
- Informante 89: Os prexuízos de considerar o galego como unha lingua de aldea e de xente maior, que só é útil para usar en Galiza, unha lingua bruta e pouco culta...
- Informante 90: É de xente de aldea, de nacionalistas e/ou de profes de galego; non serve fóra da Galiza; é un dialecto...
- Informante 91: En moitos lugares o galego situase como un lingua antiga e como de non ser educado

- Informante 92: Cando se fala en galego adoírase asociar coa aldea e tratan aos seus falantes de paletos ou cousas similares
- Informante 94: Identificar o galego co rural e co "bruto".
- Informante 95: Persoas con menos educación
- Informante 97: Que é un idioma para a xente do rural e que se debería de quedar nese ámbito exclusivamente e no familiar.
- Informante 100: De ideoloxía política, de procedencia e de consideración social.
- Informante 102: soese pensar que é unha lingua rural ou que non serve fora de Galicia ao igual que non é unha lingua válida para estudar máis alá do obrigatorio
- Informante 103: As veces dícese que as persoas que falan en galego son máis de pobo, do rural, máis brutos.
- Informante 104: Penso que seguimos a ter un clasismo desmesurado e mesmo nos machacamos entre nós (sendo todos galegos, é algo que non lograrei entender xamais). O galego segue a ser a segunda lingua de Galicia e que sobretudo se fala nas aldeas, polo que desde fóra se ve como unha lingua de pobres e de paletos.
- Informante 106: Que o único futuro laboral que temos está reducido á Galiza.
- Informante 107: asociado a xente mais pobre ou do rural
- Informante 110: Inferiores por falar galego.
- Informante 111: Preconceitos ligados ao atraso intelectual
- Informante 113: “Lingua de paletos”, “lingua de pobres e aldeans” ...
- Informante 115: Clasismo interiorizado
- Informante 116: Que é lingua de aldeas, que é unha lingua que non vale para nada, que é unha lingua con palabras moi raras a diferenza do español...
- Informante 119: como xa dixen, sei de casos onde se lle falan linguas distintas a fillos e fillas, mesmo se os pais son galego falantes habituais. por outro lado, tamén vexo unha certa condescendencia e paternalismo cando unha persoa lle fala en galego a esas nenas, as cales saben perfectamente galego, e os pais lles preguntan de novo en castelán nun ton que parece reflexar que non cren que as súas fillas sexan o suficientemente intelixentes como para falar galego. quizais o problema é que cren que é algo negativo ou unha mostra de desprestixio que unha rapaza fale galego.
- Informante 122: típico prexuízo que falar galego é de xente inculta
- Informante 123: Que o galego é unha lingua de xente inculta
- Informante 124: Ruralidade
- Informante 125: Segue a mal-entenderse ou asociarse a lingua galega ca xente de "aldea".
- Informante 126: Á xente galega considerana menos culta, mais aldeá ou menos intelixentes.
- Informante 129: No meu traballo (Sanidade) segue se falando máis en castelán a pesar de que se nota que non sexa a súa lingua habitual, polo mal hábito de que a xente estudada hai que falarlles en castelán

- Informante 130: A maior parte das persoas que viven no territorio galego pensan que por falar na nosa lingua somos menos intelixentes e que imos chegar menos lonxe ca o resto, cousa que non entendo
- Informante 131: As persoas aínda non entenden co galego ten a mesma presenza que o catalá ou o euskera, polo tanto devalúan a linguaxe galega
- Informante 133: Incultos
- Informante 134: Todos: idioma inútil, feo etc.
- Informante 139: A imposición do galego e a falta de utilidade desta lingua son os preconceptos que máis presentes estiveron na miña experiencia
- Informante 140: Lingua bruta, empregada por un colectivo social “inferior”, lingua que non serve fóra de Galicia...
- Informante 142: Que se nos tacha de paletos e aldeanos
- Informante 144: exposto anteriormente, de clase, políticos, etc.
- Informante 146: A lingua galega é considerada por moitos a lingua da clase baixa (de persoa con menos poder adquisitivo), a lingua da aldea e das comunicacións informais.
- Informante 147: Prexuízos por considerala unha lingua inferior
- Informante 148: Tende a asociar o galego cunha lingua ‘bruta’, pouco útil e os seus falantes coma ‘paletos’.
- Informante 151: En mi entorno (de Vigo) siempre he tenido la sensación de que el galego era “de aldea”
- Informante 154: De incultos, non estudados, de ser de pobo nn de cidade, de ter menos diñeiro.
- Informante 156: Que se falas galego ou eres de aldea, ou do BNG ou profesor/a de galego. Que falando galego non té podes comunicar fóra de Galiza e que non serve para nada
- Informante 158: Creo que se sigue a manter a idea entre os adultos de que falando en castelán ás crianzas éstas terán mellores oportunidades de futuro porque o galego é unha lingua con menos prestixio e destinada a un uso vulgar e non en rexistros formais nin nas institucións.
- Informante 160: Empregar o español para situacións máis formais
- Informante 161: Lingua de aldea, de xente bruta, de xente non escolarizada e sen estudos
- Informante 164: En moitas ocasións falar galego é sinónimo de pouca “formación”
- Informante 167: Lingua do rural, vinculada cunha ideoloxía nacionalista.
- Informante 169: Bruto, de xente da aldea
- Informante 171: Lingua do rural, baixo nivel educativo.
- Informante 172: En moitas ocasións seguese a considerar que quenes falan galego son xente pouco culta, ou que o galego non ten utilidade
- Informante 174: Galego=nacionalista, por exemplo
- Informante 177: Tómasenos por tontos, e somos mais listos ca todos
- Informante 178: Lingua de aldea, Non serve para nada fóra da Galiza Soa mal...

- Informante 179: En todas as comunidades estudan no seu idioma sen embargo en Galicia o unico que se estuda en galego nestes últimos anos é a lingua galega.
- Informante 180: Que son xente do mundo rural
- Informante 182: Que só serve para comunicarse en ámbitos rurais
- Informante 183: non serve, de “aldea” como si fose algo malo
- Informante 184: Non serve pra nada, persoa mais inculta...
- Informante 185: Falarlle galegoa alguén qu enon o fala é de mala educación
- Informante 186: Aínda hai xente que di que o galego non lle gusta ou que é unha lingua de paletos
- Informante 187: Como que a xente que fala galego e xente máis das aldeas, con menos "clase"...
- Informante 188: Interpretase como simpleza ou menos intelixencia
- Informante 189: Aínda que eu vivo nun paraíso en comparación co resto da Galiza creo que siguen a funcionar criterios de inutilidade da lingua galega, lingua de vellos, xa naide a fala ou só se fala nas aldeas. Creo que se reproduce a imaxe foránea de España de vacas, verde e vellos. A mocidade urbana ve o galego como algo arqueolóxico o que demostra (aínda que de distintas maneiras ca antes) o funcionamento da dicotomía do atraso (galego) vs progreso (español e cultura global). O mantemento destes prexuízos veñen en moitos casos dos discursos institucionais da queridísima (notese o ton irónico) da Xunta e cada vez estou mais convencida de que certos discursos tradicionalistas culturalistas de esquerdas que poden resultar moi pechados/sectareos non axudan como pretenden tampouco. Isto para aclararse ben necesitaria dunha intervención ben máis extensa, espero que máis ou menos me fixera entender, pero a cuestión é moi complexa e hai moitísimos máis factores que entran en xogo. Espero que non se me malentendese e que esta parrafada sirva de algo. E o que puiden escribir dende o móbil malamente.
- Informante 192: Seguramente por incidencia que aínda acarreamos dende o franquismo e porque o galego está mal ligado á clase baixa
- Informante 193: Non no meu entorno, pero sei que a xente (sobre todo maior) leva o español aos espazos “formais” (admin. ou trámites no médico etc.)
- Informante 194: Para algunhas persoas segue a ser unha lingua inferior
- Informante 196: O prexuízo de sempre de que falar galego é de paletos e falar castelan é ser de clase social alta
- Informante 197: Brutalidade na fala, incultura
- Informante 198: Lingua que non se usa, de xente de aldeas, xente maior
- Informante 200: Lingua de corto percorrido fora da comunidade Galega
- Informante 201: Penso que o relacionan (o emprego da lingua galega) a xente do rural, con poucos estudos ou nalgunha cabeza con "gañáns".
- Informante 202: Incultos, persoas de aldea
- Informante 203: lingua que só falan as persoas da aldea e como se considera que esas persoas son inferiores pois por ende a lingua que usan, tamén. que só serve falar e coñecer galego na galiza

- Informantes 204: Que é de ignorantes, que só se fala nas aldeas, que non serve para nada, que non é culto...
- Informante 207: Inculto, rudo, informal, rural
- Informante 208: Penso que, aínda que sexa unha idea errónea, no subconsciente popular está considerado o galego como lingua de vellos ou lingua que se fala únicamente na aldea
- Informante 210: Se falas galego eres de aldea, ou máis inculto ou de políticas de esquerdas
- Informante 211: Segue a estar considerada unha lingua inferior, de uso coloquial e vulgar, con insuficiente prestixio para ser utilizada en ámbitos formais como académicos ou políticos.
- Informante 212: Pois un dos prexuízos é dicir que o galego só serve para comunicarse en Galiza
- Informante 213: Unha persoa que fala galego con gheada e seseo ou con outras variantes dialectais é considerada inculta pola maioría da xente
- Informante 216: Ser de “aldea” ou que é unha lingua fea
- Informante 217: A falsa crenza de pensar que por falar galego se é máis paletx
- Informante 220: A identificación do galego cunha realidade rural, afastada das cidades e, principalmente, do progreso
- Informante 225: Que eres do rural, que o galego non serve para falar en ámbitos importantes, que é unha lingua olvidada...
- Informante 226: Lingua máis rural, economicamente menos rendible, non apta para o contexto internacional...
- Informante 227: Que o galego non vale para nada e que é unha lingua de catetos
- Informante 229: O galego é de paletos, é considerado en ocasións un subidioma...
- Informante 230: Que son persoas con menos cultura/ que son persoas nacionalistas/ que viven en zonas rurais
- Informante 232: Que é de persoas pouco cultas ou que quén o fala ben de familia con poucos recursos
- Informante 233: O galego é bruto, rural, non é unha lingua de cultura, andan a cambialo seguido...
- Informante 234: Lingua minoritaria de persoas menos cultas
- Informante 235: Xente de aldea, brutos
- Informante 238: Consideran o galego inferior ao castelán
- Informante 239: paletos
- Informante 240: Lingua de aldea, lingua inútil, lingua imposta, lingua (estándar) artificial
- Informante 241: Lingua bruta, de monte
- Informante 242: Que nos tratan de incultos ou de aldeanos (como se o ser de aldea fose algo malo)

- Informante 245: Si, considero que falar galego, por exemplo, se asocia con determinada maneira de pensar, normalmente partidos de esquerdas. Así como tamén se asocia ca aldea, co medio rural, para falar cos animais 😞
- Informante 246: Xente de aldea, xente da zona de Lugo
- Informante 250: Desgraciadamente queda moita xente que pensa que é unha lingua inferior
- Informante 251: Antes era visto como de "pueblerino", agora de independentista.
- Informante 252: Prexuízos sociais e mesmo económicos. Facer de menos categoría a unha persoa cando fala o galego. Falar galego é cousa de pailáns, de pobres e ignorantes. Relacionar á persoa que o fala cunha imaxe de bruta ou pouco civilizada. Relacionar a quen fala o galego coa aldea nun sentido despectivo, persoa que vive illada, co poucos estudos ou sen contacto coa "alta cultura". Como se vivir na aldea fose algo pexorativo. Idea de que se falas galego é porque és da aldea ou do BNG, de connotacións negativas e despreziables calquera das dúas.
- Informante 254: xente con nivel educativo medio-baixo, baixos recursos económicos e xente do rural
- Informante 255: Por desgraza, a día de hoxe seguen latentes moitos dos prexuízos que levan anos existindo: lingua de paletos, lingua de aldea, lingua de pobres, lingua inútil, dialecto do castelán...
- Informante 257: Penso que o máis recorrente e transversal agora mesmo é a asociación á "radicalidade" política (AKA: ser de esquerdas/anticapitalista/feminista/antifascista/proLGTBIQA+/antirracista) ou ao nacionalismo galego.
- Informante 258: Na sociedade os anuncios, a xente do enterno. En xeral falase máis español ca galego, debido ao uso habitual e non ensinado dende pequenos
- Informante 259: É unha lingua de paletos, quedámonos atrás se falamos galego, falar galego é de aldeán
- Informante 261: Paletos, incultos.....
- Informante 262: Relacionala co "monte", con un "qué acento más fuerte tienes" coma se fose algo malo, ou, textualmente "el idioma de las cabras", comentario dito cara min este ano por un chaval de Valencia, que obviamente non tiña moitas neuronas.
- Informante 265: Considero que se sigue pensando que el gallego es una lengua menor y que solamente sirve para hablar aquí en Galicia. La gente tiende a preferir español porque se habla en muchos lugares
- Informante 266: Pensar que é un idioma de aldea ou de incultos, cando os incultos son os que teñen ese prexuízo
- Informante 267: Considerar que o castelán falao a xente máis "fina" e que se pode usar en todos os ámbitos e que o galego falao a xente máis ordinaria e que so se debe falar en ámbitos coloquiais.
- Informante 268: Dise que galego é de aldeáns
- Informante 270: Falar o galego segue a considerarse síntoma de falta de educación, de rural; pola contra o castelán está mellor visto a nivel sociocultural.

- Informante 274: Mofas sobre o acentro, e crer que se é da aldea e menos culto por falalo
- Informante 277: A cuestión da utilidade do idioma, a asociación deste a uns baixos ingresos e a unha clase social baixa, o emprego da lingua galega só é no rural e na poboación envellecida, as matemáticas non poden ser en galego porque non se entenden, se alguén se dirixe a min en castelán é de mala educación que eu lle conteste en galego etc.
- Informante 280: que e bruto...
- Informante 281: Porque se considera algo brutas algunhas palabras
- Informante 284: Pensan que eres alguén raro/a ou míranche mal
- Informante 285: Especialmente a relación co nacionalismo
- Informante 286: O galego é unha lingua de pobres, do rural de pouca validez no registro formal
- Informante 287: Porque por exemplo no ensino a día de hoxe é o ámbito onde hai máis, tendo moi poucas materias en galego e impartindo en castelán. Tamén noutros ámbitos son evidentes estes prexuízos (laboral, social...)
- Informante 290: Na miña contorna, dende que eu falo galego hai xente que se sente como presionada a falalo porque eu o faga. E as respostas son sempre as mesmas de: “non sei falalo ben”, “falaría tan rápido que non se me entendería”, etc. Ademais tenme pasado que cando interacciono con persoas do sector servicios, se hai un problema de comunicación pola escoita, acaban volvendome a falar como moi despacio e vocalizando moito porque “eu non lle entendín”. Como se non fora quen de entender o castelán.
- Informante 293: Pénsase q é lingua inservíbel para o progreso profesional.
- Informante 295: Que a xente que falamos galego temos menos educación, que somos de aldeas. E cara a lingua principalmente que é un dialecto ou que é inútil fora de Galiza entre outros moitos
- Informante 296: Pensase que só se fala nas vilas, e moitos consideran menos intelixentes á xente galegofalante.
- Informante 297: O feito de que teñas que cambiar de idioma en determinados contextos xa indica que existen prexuízos
- Informante 298: O galego é de paletos de aldea, o galego só che serve en Galicia, o galego é da xente vella
- Informante 299: É visto como algo bruto e característico do rural en comparación ao español
- Informante 302: Séguese a pensar que non serve para moito e que o importante é saber español (ou se acaso inglés) para nun futuro poder traballar. Aos nenos e nenas é rarísimo que se lles fale na casa e, se o fan, ó pouco de ir ó cole é triste ver como ós poucos meses xa falan só español. Creo que algo se mellorou respecto a cando era eu nena porque polo menos vexo que ó entrar nunha tenda ou oficina a xente de máis ou menos a miña idade non cambia automaticamente ó castelán como se facía antes, non hai esa "vergoña" ou esa "necesidade" de falar en castelán con calquera que non fose familia ou amigo, máis aínda así chócame ver que parece que

si existe esa vergoña en transmitirlle o idioma ós fillos. A min faláronme case sempre en español na casa por estes motivos, pero pensaba que era algo que trinta anos despois xa estaría superado e vexo tristemente que non é así.

- Informante 305: Que somos de aldea, cousa que é certa, pero ven o ser de aldea como algo negativo que supón ser ignorante. Que somos uns brutos. Que somos independentistas.
- Informante 306: Principalmente o prexuízo de que o galego é unha lingua que se fala nas aldeas, unha lingua para 'paletos'
- Informante 307: ignorancia, que “eres de aldea”, falta de cultura, que “eres bruto” etc
- Informante 308: que es de aldea, unha persoa bruta
- Informante 309: Si un galegofalante se dirige a un castellano hablante en su lengua materna y no la cambia se le va a considerar irrespetuoso pero si se da la situación a la inversa nadie lo ve de ese modo. Se lee infravalora y encima se les exige más
- Informante 310: "paletos", incultos....
- Informante 315: "gañán", aldeano ou nacionalista
- Informante 316: O que máis me sorprende é o de seguir escoitando connotacións negativas cara xente que fala cunha variedade/área dialectal diferente; por exemplo, na miña zona relacionar o falar con gheada ou cun acento máis “pechado” con alguén de aldea e polo tanto alguén “inferior” ao resto. *Teoría completamente sen sentido e moi dañina para a lingua, para o meu parecer.
- Informante 317: A lingua ten fronteiras, a onde vas falando galego, para que serve o galego, non es tan guai se non empregas o castelán ou inglés para determinados contextos, etc...
- Informante 318: Lingua de vellos, lingua da aldea, non apta para entornos formais, unha lingua de segunda categoría, inútil...
- Informante 319: por exemplo á xente que seguimos a falar o galego no noso día a día disenos que é unha cousa da aldea ou que co galego non imos facer nada polo mundo adiante
- Informante 321: Non sei se é prexuízo pero vexo que está máis unido falar galego nas zonas rurais e pouco nas vilas ou en situacións de rexistros máis cultos ou fóra do ámbito familiar. Na miña experiencia se falas en galego moita xente resposta en galego sen importar a situación pero por iniciativa propia moitas persoas tenden ao castelán sen cuestionar por que o fan. Tamén está asociado a que te clasifiquen como nacionalista cando en realidade é unha opción que vai máis aló pero como sempre tendemos a simplificar todo... Gracias e moita forza no teu TFG.
- Informante 322: galego = persoa ignorante, de poucos estudos, habitante do rural, de ideoloxía nacionalista, que vai en contra do progreso (por empregar unha lingua con poucos falantes e reducida a un territorio)
- Informante 323: Como já digem, acho que se relaciona coa brutalidade, a menor capacidade intelectual, o fogar ou a política, sendo excluído de espazos como o

acadêmico onde há que ser mais correitos (nomeadamente, corretamente castelhanos)